


nós.





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 »

Número solto 0'70 »

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

AGARIMO, por F. BOUZA-BREY.

ESTADO ACTUAL DA CULTURA GALEGA.

NASCE NA PRIMADEIRA (versos), por R. CARBALLO CALERO.

ORBALLEIRA NA RUA, por R. OTERO PEDRAYO.

CAMIÑANTES (3 sonetos), por M. L. ACUÑA.

NÓS, OS INADAPTADOS, por V. RISCO.

TRES ESTACIÓNS DE ARTE RUPESTRE DA SERRA DO LEBOREIRO, X. LOURENZO e L. FARIÑA.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encargos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sto Domingo, 47-2.º

Ourense

Horacio García Hermida

Médico - Oculista

Ex-aluno dos Profesores Lagrange e Feüllères, das Clinicas de Bordeaux (Francia)

HORAS DE CONSULTA: de 10 a 1 e de 4 a 7

Progreso, 54-1.º

Ourense

GRAN HOTEL ROMA

OURENSE

O máis antigo e coñecido

O máis capaz e millor situado

Todol-os servizos

Todo o confort moderno

CAFÉ - BAR

Progreso 71

Telefone, 33

Calzados

AZNAR

Lamas Carvajal, 18

Ourense

SCHRECK

FOTÓGRAFO

LUÍS ESPADA, 3

OURENSE

Fábrica de Licores e Xarabes

« **MARTÍN** »

ESPECIALIDADES:

Anís refinado «D'A NOSA TERRA»
e «MARTÍN»

Licores «AROMAS DE GALICIA»
e «CHARTREUSE»

GRAN HOTEL MIÑO - OURENSE

CALZADOS "LA SUIZA"

PEREIRA, 1

FRENTE A OLMEDO

OURENSE

Esta nova zapatería acaba de recibir os últimos modelos de vrau en gris,
beige, branco e outros que, por chegaren demasiado tarde, está liquidan-
do a prezos de fábrica ou aínda máis baratos. Non deixe de visitar

Calzados "LA SUIZA"

Almacén de materias
de costrucción e Ta-
ller de mármoles de

Felipe O. Castro

Progreso, 85

Ourense

Mercade libros galegos

A

N Ó S

Publicacións Galegas
e Imprenta

Rúa do Vilar, 15 :-: SANTIAGO

SANATORIO

POL PIÑEIRO

MÉDICO - CIRUXANO

DO HOSPITAL PROVINCIAL

Pereira 5 - Ourense - Teléfono 179

Ciruxía xeral e especialidás

Operacións :-: Rayos X

Consulta diaria

Emulsión Yodo - Arsenical "SOT"

O millor recostituente pra inverno
Preparado dos Laboratorios Bouzo

OURENSE

Hotel - Bar

LA BILBAINA

Habitaciós cómodas e luxosas

Cociña selecta

Calefacción e baños

Ascensor

Coche a todol-os trens

CAFÉ-BAR: Barman especializado

Rúa de Galán, 1

Teléfono, 49

OURENSE

SERANTES E FERNÁNDEZ

COLONIAES E ULTRAMARIÑOS

Progreso, 50

O u r e n s e

ALMACÉS VIUDA DE CELESTINO VAZQUEZ

Perfumería, Louza e Cristal, Regalos, Linoleum, Hul,
Mobles de toda caste, Colchós, Cousas pra Viaxe, máis
de 40.000 pares de Calzado, Calzado marca «CELSTY»

Ourense: Paz e Recreo, 2 - Ap. 2 - Monforte de Lemos: Cardenal, 8

JOSÉ ANTONIO VARELA

Ultramarinos :: Viños :: Licores

Progreso, 48

Teléfono, 14

Ourense



Villar Rolo ORENSE

Dr. Arturo López Trasancos

Especialista en doenzas da

gorxa, naríz e ouvidos

Progreso, 80

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XV ★ Ourense Día de Galicia de 1933 ★ Núm. 115

A G A R I M O

As máns, como navíos,
asulcan teu cabelo,
mar que se escacha en fíos
na fronte-setestrelo.

Sob as douradas olas
o corazón muiña
i-enfoula ás almas tolas
a infinida fariña.

O misterioso goce
que sofre o espírito lene
relampa no teu doce
ollar paraselene.

De un recanto do ceo
meu amor estreleiro
pra pousar no teu seo
prisa un bico luceiro.

E alcendendo a candea
da venturanza miña
canta a bóa serea.

«Acarina... acarina...!»

A CULTURA GALEGA HOXE EN DIA

NÓS, fundación d'un núcleo d'escriitores que no esencial sigue sendo o mesmo qu'en 1920, vive e sostense coidando qu'eisiste na Galiza dos nosos días unha cultura autóctona e enxebre en plea renacencia. No nome d'esa cultura galega, da qu'arela ser mostra e espello, NÓS prega á todo-os que sexan capaces de lle render o seu esforzo criador, sementes a meirande independencia d'esprito e mais a meirande fidelidade á y-alma da Raza.

De cando en cando, compre botar unha ollada redonda, pra irmos chantando na carta as bandeirñas indicativas das novas conquistas abrangidas nas diversas provincias do mundo espiritual.

Como tarefa a mais propia do Día de Galiza, imos logo—reconto das ofrendas qu'os inxenios galegos adicaron á Patria—ver, cousa por cousa, canto se ganou na tempada derradeira.

AS LETRAS

Os tempos que decorren e os qu'imediatamente lle precederon, poideron ser d'unha importancia decisiva pr'a literatura galega. Nos eidos da nosa cultura, xa os froitos encomenzaban a amostrárense rubios de madureza. Unha longa e traballosa preparación tiña conquirido materiais d'abondo pra que no presente, os artifices da nosa fala ergueran as mil douradas cúpulas d'un esplendor literario forzoso. Máis os acontecementos polítecicos que tan intensamente vivimos, ameraron parcialmente a primadeira que s'anunciaba. Un imperativo de galeguidade enviou pol-as roitas da cidadanía as fecundas actividades dos nosos máis capaces escritores, e non houbo sempre tempo pra deixar correr sosegadamente a pruma, xa que, com'en todo intre decisivo da vida política dos pobos, os intelectuais tiveron, qu'asumil-a dirección das empresas públicas.

No terreo da prosa, iste período da nosa historia literaria está encheito por un nome: o de Ramón Otero Pedrayo. É seguro qu'iste grande escritor non produciu aínda a súa millor obra. Estudando os seus libros, ousérvase unha constante superación, que non leva xeito de declinar. Máis o que nos ten dado derradeiramente, é d'eiscelente calidade ar-

tística. Otero Pedrayo xa ten discípulos, e ningún coma il ten atinguido tantos éisitos no empeño de recreación da prosa galega, que tan eixemprar froito colleitara n-outro-ra co-as páxinas clásicas da *Crónica Troyda*. Hai varios nomes que se non poden esquecer: taes os de Risco, Castelao e o autor d'*Os Camiños da vida*. Máis o primeiro non ten traballado derradeiramente no terreo literario puro, anque n estas mesmas páxinas vai nos dando avances do seu futuro libro sobre Alemaña, que promete ser unha das suas mais intresantes obras; pero crar'está que se trata d'un esforzo d'outra transcendencia. Castelao tamén permaneceu mudo n-iste aspeito. Otero tenos dado duas obras de fundamental importancia: *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalla Castro e Pondal e Contos do Camiño e da Rúa*.

Non compre, n-iste resume, analizar detidamente o valor d'estas obras. N-elas a prosa d' Otero eisalta as suas características: a riqueza imaxinativa, a frondosidade verbal, o poder d'evocación, a inqueda barroca, o apaioamento romántico, a espontaneidade irrefrenada. A diferenza da prosa de Castelao, coidadosamente traballada, preocupada da harmonia do período, caxeque medida, com'a d'Apuleio, a prosa d'Otero é un freixo virxe e salvaxe, un descordo sen metro.

O primeiro dos dous libros enriba citados aborda temas eternos da nosa y-alma colectiva. II e *Morte e Resurrección* son variacións en col de temas galegos nos que s'espón todo un xeito de ver o noso espírito e enxergar o noso «ego» racial.

Contos do Camiño e da Rúa é unha colección de relatos que versan cáxque sempre sobre a vida rural do XIX. Xa n-*Os Camiños da vida* e n-outras obras nos demostrara Otero Pedrayo o profundo senso que posúe da aldeia galega. Máis tamén sabe aprisoar o ritmo emocional do vivir das cidades. Toda a vida galega do século XIX, especialmente a vida d'esa caste prodixiosa dos nosos abós fidalgos, ecóla limpaamente nas páxinas d'Otero.

Apenas se poden citar mais obras literarias en prosa das producidas nos derradeiros tempos. Armando Cotarelo continuou loitando pol-o teatro galego, e Alvaro das Casas dounos as intresantes *Xornadas de Bastián Albor*.

Os poetas forón mais fecundos. Lembremos os seguintes libros: *Sulco e vento* d'Alvaro das Casas; *Poema en catro tempos* d'Eduardo Blanco Amor; *O vento segrel* d'Augusto Maria Casas; *Mar ao Norde* e *Poemas do si e non* d'Alvaro Cunqueiro; *Nao senlleira* de Bouza Brey e *Corazón ao vento* d'Aquilino Iglesia Alvarinho.

Ousévese que todol-os enumerados son poetas mozos. Ningún dos líricos da xeración literaria de Cabanillas ou Noriega deron máis, ao sumo, que poesías soltas.

E ben: istes poetas mozos, son poetas novos? Eisiste hoxe unha poesía nova en Galiza, com'eisistiu con Manoel Antonio?

Esta clás de poesía tal com'actualmente se concibe no mundo, arela criar un universo poético superreal, rexido por outras normas qu'o mundo vidal. Pra se mergullar o lector n-esta poesía ten que substituír a mente ordinaria por outra mente especial: a que presidu no poeta a creación dos seus poemas. Eiquí está pranteado o problema fundamental da nosa poesía. Cand'o poeta actúa c'unha mentalidade distinta da mentalidade humana corrente, o lector tan só poderá impregnarse da esencia do poema se logra colocarse no plano mental en qu'o poeta se

movía ao dar vida á-sua obra. E n-esta clás de poesía o acerto consiste primeiro en aduigar ao lector á ise plano, e segundo, en producirle xa n-ise plano, unha sensación eficaz de beleza. Esta é custión esencial da poesía nova, que supón unha enorme tiranía por parte do poeta. Tiranía aturábele a condición de qu'o poeta teña criado un mundo orgánico, anque irreal, xa que s'o mundo do poeta é inorgánico e arbitrario, non hai esperanza d'arribar a il, porque non existe, com'unidade, na mente do propio criador. Pódesenos pedir que deambulemos imaxinativamente pol-as ruas d'unha cidade ideada e non realizada por un arquitecto, pero a condición de que nos sexa posíbele coñecer o plano d'aquela, ou sospeitalo; máis s'o plano se non trazou e o arquitecto limitouse a maxinar un templo, unha fonte e unha casa, espalladas en difrentes ruas e o menos semellante posíbele aos templos, ás fontes e ás casas en que rezamos, bebemos e moramos ordinariamente; non se nos pode eisixir que transitemos por esa vila. Tal requirimento constituiría un inaturábele abuso. D'eiquí o risco d'esta clás de poesía.

Pois ben: antr'os poetas mozos máis enriba citados, figura algún que pretenda facer poesía nova, entendendo por tal aquela poesía cuio método e cuio fin son os derradeiramente apuntados?

Eisiste un: Alvaro Cunqueiro. Os outros son cáxque todos poetas progresivos, pero non revolucionarios, e operan co-a lóxica corrente, mais ou menos alixeirada pol-a alacridade propia da poesía. Bouza Brey síñala unha roita moi segura. Realiza unha poesía cixempramente galega, sen influxo alleo ningún, fundada na tradición medieval e nas fontes populares. Mais non se limita a imitar dos trovadores e do pobo. Talento auténtico de creador, continúaos remozándoos, e fai unha poesía ben galega e ben de hoxe. Representa a tradición nacional e demostra coma con elementos non emprestados pódese criar unha lírica espréndida de cōr e de plasticidade. Bouza Brey sintetiza perfectamente as tendenzas mais nidias da maoría dos poetas galegos de hoxe, cuia obra caraterízase por un senso de cautela na audacia e unha profunda galeguidade no espírito.

Un caso aparte ofércenos Augusto María Casas. A arte d'iste nen é revolucionaria nen tradicional; é cousa d'il, escrusivamente. S'acaso, poderíase dicir qu'Augusto Casas levou ao seu punto máisimo a tendencia poética que nos seus días repersentou Amado Carballo.

Ora, *O vento segrel* semella, pol a sua escrusividade, o remate d'unha maneira do autor, que non sabemos coma se vai manifestar no futuro.

AS ARTES PLASTICAS

O ano 1932, tan probe pras nosas letras, foi ano de revelación de un pintor —Maside— e dun escultor —Eiroa—. Colmeiro, o pintor galego de quen mais se falou o ano pasado co que vai do presente, espuxo en Santiago e en Lisboa. Souto, no Setembro, espuxo tamén en Compostela. Foi ano da chegada ao gran público das catro mais outas figuras da vida artística do noso país. No ano 1933 Eiroa espón en Vigo e Colmeiro en Lugo, Bilbao e Ourense. Maside e Souto andan a preparar esposizós. En Bos Aires, gracias á labouira do Dr. Frontini, galegófilo ilustre, tamén anda a orgaizarse unha espléndida esposizón do noso arte aital. O ano 1933, nas artes e nas letras, é un bon ano pra Galiza.

Dos pintores galegos aituales Maside é o que resume as característecas esenciales da *galeguidade* da nosa arte d'esta hora. Hai en Carlos Maside densidades e raíces que o levan a sumar acertos de primeira categoría. É o pintor forte e totalizante, cáseque un polémico do color. É o pintor da construción técnica impecábele, sin roturas nin parcialidades. Riquisimas calidades, senso mural —o mural é unha ascensión— e craridade. Dificilmente se topará hoxe pintor mais *craro* que Maside. Craridade que ven de unha robustez, d'unha espontaneidade dos asuntos, d'unha viveza como recén-nascida do axexar vivísimo dos cadros. Esta viveza que é, denantes de nada, actitude do pintor. Non convén esquencelo. Maside é un pintor forte, anti-esquemático. Vai a encher o cadro con pintura, con dimensiós, con resistencias, con posibilidades, con *tránsitos*.

Está en camiño de ser o primeiro pintor galego.

Torres, espón en Vigo. Landín e Ben i Boo en Sant-iago.

Souto é noso pintor mais coñecido i-o de formación mais varia. Souto ensaiou escola tras escola até pisar o firme terreo en que hoxe constrúe a sua pintura rota e impar. Poucos pintores o igoalan en poder plástico, en potencialidade emotiva, en variedade, sutil e dura, de coores. As suas «máscaras» teñen a vigorosidade d'unha pintura de monstros. Os seus «cabarets de porto» son coma novos ricos, cheos de tons imprevistos, de tortuosidades perversas. Os seus mariñeiros e os seus labregos teñen a finura e axilidade da verdade mais real e densa. Espuxo nos Estados Unidos —Pitsburgo e San Luis— en 1930, en París na Esposizón Internacional do Libro de Arte en 1931, en Oslo na Esposizón de Ibéricos en 1931, e co «Grupo Español», en Berlín, no mesmo ano. Cos «Ibéricos» espón en Copenhague en 1932.

A pintura de Souto, c'unha fonda preocupación galega, c'unha valoración social indubabel, é pintura auténtica e moza.

Colmeiro, noso primeiro pintor aital, é pintor de axilidades e dificultades, sobro de liñas e matices, cálido, limpo. Axilidades achadas no centro mesmo da pintura; dificultades postas, por aptitude físeca esencial, nas venas precisas do corazón do cadro. Liñas a sobrar porque o cadro tense pol-a sua mesma realidade máxica; matices d'abondo, e non os *tradizionaes*, xa destefidos de tanto facélos e mirálos, senón os *eternos*, os *clásicos*. Os seus cadros son cálidos como cousa acabada de facer e limpos como cousa que non se fixo nunca. Como Maside, é un pintor totalizante, con afán de encher as lindes todas do cadro. Cada día dá unha nova cara mais á sua pintura e cada día afirma mais a sua proleizón a un senso galego rotundo. Colmeiro é, ademais, unha magnífica promesa de gran pintor mural.

Eiroa. O noso úneco escultor. Na escultura xa se dixo que non eran posíbeles termos meios. Unha estatua ou é un Deus ou é un bibelot. Eiroa logra valores e calidades alí mesmo onde os mais procuran salvarse, non pol-a verdade pura e sin complicazós,

senón pol-o preciosismo ou o saber facer. Eiroa ergue os planos a unha posizón de monumentalidade específica, determinada pol-a forza da sintetazón e do *cambio de fronte* na obra. Eiroa lembrará sempre a Renoir e Renoir ven d'unha trasmutazón e da polémica do bon simplificar. Eiroa, o noso escultor da hora de hoxe, herdeiro da gran tradición, artesana e purísima, da arte de picar a pedra na Galiza. Arte maior e clásica.

Torres, salvado pol-o mais vivo esforzo, pol-o seu esforzo pulcro e morno. Lembra, a veces, a mesma liña d'algún dibuxo coloreado de Souto, mais soio na raíz da intención. Anda tamén a lograrse como pintor mural, totalizante, robusto. Paredes pra Colmeiro, pra Maside, pra Torres! Veleiqui onde pode lograrse unha gran hora da nosa pintura.

Landín pintor lírico, finísimo, preno de acertos, incandescente. Un Rousseau mais novo, mais froido, lixeiro, paisaxista de craros inauditos. Landín é un pintor pol-a gracia de Deus.

Ben i Bóo. Un primitivo. Nos Museos vedes primitivos e primitivos que non chegarán á maravillosa «Romeiría en Illobre». Non hay poema que faiga ter os ollos mais abertos e a boca con mais sorrisas que a «Pavana». Debe decirse dende eiqui: Ben i Bóo é cousa esencial na hestoria da arte galega.

Un xa logrado: Luis Seoane. Finísimo, entrañábel, engaiolador das densidades mais rebeldes, lonxe do cliché e da monotonía de tantos outros. Seoane, como logro xa e non como promesa, artista verdadeiro, pintor de estampas que teñen a orixinalidade até nas pontas mais liqedas dos dedos. Unha volta a todas as impresiós, a todas as craridades.

Toda a hora d'agora ven de Castelao. Castelao é o esforzo, a i-alma viva i a tensión. En Castelao comeza a arte galega contemporánea. Sálvase por eixemplo, por sacrificio e por lealtade. Aínda iste ano lle debe as dúas máis belidas leizós de arte que se deron no noso país.

O TEATRO

O teatro galego sigue no seu ser. Querse dicir que non adianta un paso.

Nas mans d'agrupamentos d'afeizoados, hoxe ademais circuscritos ás vilas, siquense repersentando escrusivamente as pezas humorísticas e costumbristas de Xavier Prado, Charlón e Hermida, e outros pol-o xeito. Nen as obras de Cotarelo, nen *O Mariscal* de Cabanillas e Villar Ponte, nen as mais recentes obras serias d'Alvaro das Casas, *O outro e Pancho de Rábade* —estas tres derradeiras inéditas nas táboas, fora da ópera baseada n-*O Mariscal*— logran imporse nos festivales dos amateurs.

Así estamos. E non embargante, o teatro galego é cousa que hai que facer.

A HISTORIA E AS CENCIAS AFINS

Os estudos históricos e arqueolóxicos deron a tónica da cultura galega xa d'end'entres da Era dos Precursores. En todol-os movementos de restauración nacional aconteceu o mesmo, anque no noso caso, cicais o poidéramos apór a certa tendenza fonda da raza.

N-esta materia, a labourea recente, resúme-se na meirande parte nos traballos do Seminario d'Estudos Galegos. Com'algunha parte d'ela tense publicado nas nosas páxinas, dámo-la xa por coñecida. Estase imprentando o volume VI dos *Arquivos* do Seminario, e nos días derradeiros repartiuse o adicado a *Terra de Melide*, feixe de monografías pra o estudo de conxunto d'unha comarca, que constituíe un alarde verdadeiramente formidábele. D'il dase conta n-outro lugar d'iste número. Outros traballos do Seminario, ademais do proseguimento do labor de catalogación de moimentos, ficheiros bibliográficos, de cántigas populares e d'outras materias folklóricas, formación d'unha hemeroteca, creación de novas seiziós, etc., foron a tradución do tratado *De correctione rusticorum*, de San Martiño Dumienese, pol-o doctor Pedret Casado, publicada en *Nós*; a publicación do *Códice Calixtino*, qu'está no prelo, a preparación da do *Tumbo A* da Catedral Compostelán, qu'está realizando o profesor Alfonso Vázquez; os traballos d'investigación feitos por iste e por Xurxo Lourenzo nos Arquivos catredás de Lugo, Ourense e Tuy. Pol-o derradeiro, o Seminario prepa-

ra unha edición de manuais de Xeografía, Historia, Etnografía, Lingua, Literatura, Historia das institucións, Dereito consuetudinario, etc. e o *Corpus* de Petroglifos do profesor Sobrino.

Non imos encarecer mais a labor do Seminario, avencellados com'estamos a el.

A Academia Galega áchase n un tempo de pouca aitividade. Recibeu derradeiramente no seu seo ao escritor Xosé García Acuña, aíxíña roubado pol-a morte ás letras galegas. Suspendida a publicación do Dicionario galego-castelán, qu'era das mais valiosas publicacións da Academia, a políteca privouna tamén da colaboración do eminente arqueólogo Anxel del Castillo. O *Boletín* publica actualmente algúns traballos en col de difrentes conventos galegos, principalmente dos das Ordes mendicantes.

A Prehistoria, que podemos chamar a ciencia de moda no mundo inteiro, é a que ten levado en Galiza unha viravolta de mais consideración, e leva feito progresos mais importantes. Nos tempos derradeiros, compre citar os traballos en col dos xacementos asturienses da boca do Miño, realizados pol-os señores Fernández Costas, P. Jalhay, etc. a descuberta de posíbeles restos paleolíticos en A Guardia e a de novas citanías, coma Baroña e Laxe. Actualmente estanse realizando escavacións nas citanías de Troña, baixo a dirección do Sr. L. Cuevillas, e do monte Santa Trega, baixo a do profesor C. de Mergelina, entrambas patrocinadas pol-a Xunta Superior d'Escavacións, e nas de Baroña e Laxe, baixo do patrocinio da Universidade Compostelán e a dirección do Prof. Sebastián González e D. Xaquín Lourenzo.

Outros traballos son os realizados pol-os Sres. Carro e González en col do tesouro de Foxados, e pol-o Sr. Maciñeira sobre identificación do *Portus Magnus Artabrorum*.

Na arqueoloxía medieval, hai numerosos traballos de arte románica e prerrománica dos Sres. Fernández Oxea, Bouza Brey e Carro.

O arquitecto da Dirección xeral de Belas Artes Sr. Ferrás realizáu importantes traballos de restauración e descuberta en Santa Comba de Bande, onde logrou, rebaixando

o pavimento, pór ao descuberto as basas das columnas e o pavimento antigo, e tamén determinar a construción do tellado primitivo de grandes tégalas; n Oseira, onde os seus traballos e mais os dos monxes do Cister, deron coma resultado o achádegos d'unha capela e dúas fiestras románicas; e en Celanova, onde restaurou a capela de San Miguel.

En etnografía e folklore, o mais importante atópase no volume da *Tercia de Melide* do Seminario d'Estudos Galegos, e no *Trabalho do liño e da lá*, de Xaquín Lourenzo, referente á terra de Lobeira.

AS CENCIAS NATURÁIS

A renacencia galega maniféstase tamén n-unha meirande aitividade centífeca, n-un total anovamento dos métodos d'estudo e n-un esforzo d'incorporación ao movemento centífeco universal. Ten tamén esta nova aitividade, que tirou á ciencia galega dos estreitos carrís en que se moveu deica hai pouco, un aspecto intresante d'atención cara a realidade circundante, cara aos temas que ofrece a nosa terra á investigación centífeca.

N-iste senso, son de notar os estudos de xeoquímica, realizados pol-o Prof. Parga Pondal e os seus discípulos, algúns dos quales viron a luz nas publicacións do Seminario d'Estudos Galegos, e outros en diversas revistas centífecas. Por certo que é moita lástima que Galiza se vexa agora privada da presenza d'iste investigador, chamado afora pra realizar traballos profesionáis.

Os traballos de patoloxía vexetal do Profesor Iglesias, da Facultade de Cencias de Compostela, son tamén d'un intrínseco interese pra Galiza. O Prof. Iglesias, que perfeccionou seus estudos co Prof. Silvestín no Instituto de Portiá (Nápoles), traballa n-istes asuntos no seu laboratorio, e estuda ali e despacha cantas consultas lle fagan en col de materia tan importante pra os agricultores.

Tamén se deben ao Prof. Iglesias as diseccións e preparacións d'animais que figuran no Museo da Universidade Compostelán, cuia axeitada e artística disposición reproduz esaitamente o natural.

O Seminario d'Estudos Galegos fundou

unha nova Seizón d'Estudos Industriás, que funciona en Vigo.

A Facultade de Farmacia de Santiago está realizando, baixo da dirección dos Profesores Charro e Montequi, traballos d'análise de radioatividade das augas minerais galegas.

A Meicifia conta en Galiza c'unha tradición gloriosa que por certo non deixa devecer. A nosa é terra de médecos, e podemos dicir que moitos e bós. Renunciamos, por falla d'espazo, a anotar os traballos individuais nesta materia—como tamén renunciamos, por estar realmente fora do noso propósito n-este resumo, indicarmos calquera labora centífeca realizada por galegos fora de Galiza, que tamén nos había dar qu'escibir—e falaremos somentes d'un xeito global do mais saínte.

As Xornadas Médecas galegas, inauguradas no 1931, con grande éxito e notables traballos, vanse repetir iste ano—hanse celebrar cada dous anos.—Tamén eiquí s'amos tra o intrínseco pol-os problemas viventes de Galiza. Un dos temas d'iste ano versa en col do saneamento da vivenda rural na nosa terra, por eixemplo.

Dina de nota é tamén a labora do Profesor Rodríguez Cadarso, Reitor da Universidade, a quen se debe o fermoso Museu Anatómico da Facultade de Meicifia, en materia d'anatomía, e as suas conferencias nas Universidades do Porto e Lisboa.

Con seguranza qu'esta reseña ha resultar incompreta. O labor centífeco en Galiza realizase aínda d'un xeito espallado e inorgánico, moitas veces por traballadores isolados e qu'o fan caladamente, e, non tendo publicaciós nosas nen de conxunto nen d'especialidade—non sendo de meicifia—os seus resultados van as mais das veces enrequecer publicaciós alleas onde se misturan cos d'outros lados, sen que Galiza poida recoller a honra que d'íles lle viría. É o qu'acontez por eixemplo co-as ouservaciós do Dr. Aller, no seu Ouservatorio Astronómico de Lalín, que se publican todas en revistas estranxeiras e n-algunha hespañola. Gracias qu'o Seminario d'Estudos Galegos conseguiu recadar algú dos seus traballos pra que saíran n-unha publicaciós nosa.

Ademais, os homes de ciencia son aínda mais diñzles qu'os literatos pra seren axuntados, e moito mais pra agrupárense cos que non son da sua corda. Son aínda mais centífegos e mais refratarios a colaboración qu'os arqueólogos e os historiadores. O qual, non só os fai, sen culpa sua, crar'está, menos eficaces na labora de recostitución da cultura d'unha terra que se quer atopar definitivamente a si mesma, senon aínda difícil tremendamente a recolleita dos seus traballos n-un cadro cumprido no que terían que entrar total-as especialidades.

D'eiquí que deamos iste resumo somentes a tído d'ensaio, e salvando todo o que haxa que salvar.

MOVEMENTO DE MOCIDADE

: : : ULTREYA : : :

Temonos ocupado diferentes veces das actividades da orgaización xuvenil Ultreya, fundada por iniciativa d'Alvaro das Casas en febreiro do ano pasado. A crónica da xeira realizada en Pontevedra viu a luz en NOS.

Rexida por un Consello composto do Rexente Alvaro das Casas, os vocaes Xosé Filgueira Valverde, Xurxo Lourenzo, Antón Iglesias Vilarelle, Raimundo d'Aguiar e Xosé Antón Tenreiro, e o Segretario Xeral Francisco F. del Riego, Ultreya espállase hoxe por Noia, Pontevedra, Compostela, Vigo, Ourense, Tuy, Redondela, a Estrada, Padrón e Lugo, contando con mais d'un milleiro de mozos.

Ultreya constitúe hoxe a vangarda do nacionalismo galego, en canto recostitución total da Patria n-un senso novo dinámico e libre. Pretende costruir unha Galiza anovada e enxebre, en libre comunión con todol-os pobos da terra. Por iso mantén relacións fraternas con *Palestra* de Cataluña e mais cos *Mendigotxales* vascos. A sua idea en col da formación cultural da mocidade galega foi esposta por Alvaro das Casas na sua conferencia na Universidade *Verbas aos mozos galegos*, que motivou un ruidoso proceso académico.

As xeiras d'Ultreya (semán na Misión Biolóxica, Cruceiro das Rías Baixas, espe-

dición pol-a Barbanza, Semán no Ribeiro d' Avia), as suas publicaciós postaes coa carta das naciós céltigas, escolma de cántigas, biografía de Méndez Núñez—á que vai seguir a de Rosalia) deixaron lembranza inesquecente.

No intre, Ultreya ten aberto en Compostela o seu primeiro Salón de Belas Artes.

REVISTAS, CURSOS E CONFERENCIAS

Das revistas galegas nadas nos derradeiros tempos, témonos ocupado xa d' algunhas. Temos dado conta dos diversos números do erudito boletín católico *Logos*, que se publica en Pontevedra.

A Nosa Terra, convertida definitivamente en órgano oficial do Partido Galeguista, perdeu o seu carate literario.

Tamén demos conta da revista *Universitarios*, órgano da FUE, dirixida por Francisco F. del Riego e colaborada por Profesores e alumnos da Universidade compostelán.

En Mondoñedo súrtiu a revista nacionalista *Galiza*.

Revistas de nova literatura, debemos citar as seguintes:

Yunque, que se publica en Lugo pol-a «Oficina da Lírica do Este galego».

Cristal d'un grupo de poetas e dibuxantes de Pontevedra.

Resol, folla popular con poemas coñecidos, antigos e modernos, galegos e d'afora, que s'espalla gratuitamente nas ruas de Santiago e pol-o campo, por literatos de Compostela.

Papel de Color, sobre de sorpresas literarias que regala Alvaro Cunqueiro.

Dos cursos d' Estudos Rexionales anunciados pola Universidade, somentes se realizaron o de Historia de Galiza, por Vicente Risco, e o de Literatura galega, por Filgueira Valverde. Dos d' Estudos Portugueses, o de Literatura d' Antonio Sergio.

Houbo ademais un grande número de conferencias orgaizadas pol-a Universidade, pol-a FUE, pol-os Ultreyas, pol-os diversos grupos do Partido Galeguista, pol-os comités de Cooperación Intelectual, por diversos centros d' ensino, etc.

Son de notar os cursos de Xeografía, His-

toria e Literatura galegas dados na Escola Normal do Magisterio primario de Pontevedra.

O CINEMA

A empresa *Folk* de Pontevedra, dirixida pol-os Sres. Barreiro e Peña, inaugurou entre nós esta nova arte. Fai unha seición de «Noticiario Folk» onde se reflexa o mais sainte da vida galega, e chegou a realizar unha obra artística co-a fita *Por unha nova Galicia*. E' unha fita de propaganda patriótica mais que polítega, na qu'a vida rural, a vida urbán e os difrentes aspectos da renascencia galega, enfiáanse no guieiro d'un sinxelo razoamento, d'un alegato a prol da nosa liberdade colectiva.

Non ollando xa no asunto, hai nas realizacións *Folk* un sentimento e unha disposición artística inteiramente nosa, unha complacencia na paisaxe, no mar, nas esceas rústicas, nas nobres arquitecturas compostelás, na costatación de cada novo avance na modernidade, e aínda tamén unha nota d'interno romantismo, qu'as nacionaliza e enxerta por complot no movemento de afirmanza galega.

Folk propónse ir mais alá, con argumentos tirados da nosa vida, da nosa historia, da nosa literatura.

N-Ourense áchase realizando Tony Román, c'un pequeno grupo d'artistas, unha intresante creación sua tidoada *Un e moitos*, poema de motivos galegos. *Un e moitos*, que desenrola unha historia d'emigrantes, en qu'as catro edades da vida paralelízanse coas catro estacións do ano, lembra pol-a sua técnica fotográfica algunhas das mais modernas películas ruso-alemanas. Ten, ademais, o gran méreto de ser a primeira d'argumento galego.

A RADIO

Galiza conta hoxe c'unha boa Estación Emisora de radiotelefonía en Santiago qu' está desenrolando unha intresante laboura a prol da cultura galega.

Ademais das sesións de música galega e das conferencias de divulgación cultural e

politeca (Sebastián González, Xurxo Lourenzo, Enrique Raxoy, Alvaro das Casas, etcétera) estableceu unha Seición Infantil, na quinta feira de cada semán, adicada por inteiro aos rapaces menores de dazaseis anos.

O elemento principal d'ela é o recitador coñecido pol- «O Vello dos Contos», a quen seus admiradores veñen de lle render un sentido homaxe. O Sr. Mosquera Pérez, exercita con estilo propio a arte na que despuntou Xoselin. Contos de nenos, folklóricos ou orixinás, fábulas, leicións en col de cousas galegas, adiviñas e brincadeiras tradicionais, forman o programa d'esas sesións. Mais tamén s'organizaron concursos con premios pra os rapaces que millores respostas dean ás preguntas qu'a radio lles fai, consistentes en adiviñas, probemas, preguntas de xeografía, historia, etnografía, folklore, literatura, etc. de Galiza, qu'os nenos responden con gran ledicia.

N-istes días, orgaízase un concurso de contos que han de ser compostos por rapaces menores de dazasete anos.

Anotamos co meirande agarimo esta bela conquista da cultura galega.

A CULTURA FISECA

N-outroira, foi no foot-ball onde Galiza sos-

tivo mais outa a súa bandeira, contando de cote con equipos de primeira liña e con xogadores internacións. O foot-ball achase arestora en compreta recuada antre nós. O feito aponse a que nos vemos privados dos millores xogadores, que reciben afora mais subidas ofertas. O certo é qu'os nosos trunfos semellan que remataron.

Contamos en troques con dous campeós nacionás de boxe: Bartos e Sobral, e mais c'un notabilismo guindador de disco e de xabalina.

Desenroláronse derradeiramente novos sports, deica agora pouco praiticados eiquí, coma son o tennis e o hokey. Mais os que hoxe semellan mais en favor son sen dúbida os xogos aquáticos: natación, canotaxe, water-polo, etc., qu'espertan un grande entusiasmo, non somentes nas cibdades e vilas marítimas, senón onde queira que haxa un río qu'ofreza condicións pra elo. Foi verdadeiramente extraordinaria e súpeta a frolencia d'esta caste d'exercicios.

A derradeira novidade sportiva, constitúena a volta ciclista a Pontevedra e a volta ciclista a Galiza que se prepara, da que poden agardarse froitos tan brillantes como acadaron os cataláns cas suas sonadas voltas ciclistas a Cataluña, hoxe de sona universal.

N A C E S N A P R I M A D E I R A

Naces na Primadeira, cando a terra está en celo
e toda arde en chamas verdes.
Cando leixan os sinos as torres das eirexas
e viaxan, da man das anduriñas,
pol-os vieiros recedentes
que a rosa dos ventos lles brinda
co xesto aberto dos seus pétalos infindos.
Naces cando as augas do insomnio atopan o relanzo da i-alba;
baixo a ollada atónita dos paxaros, dos cazadores e dos panadeiros.
Naces do espírito do cigarro herexe,
cando inicia, en espiral, a súa ascensión ao ceo:
e xurdes, de sócato, do fume azul,
como de unha caixa de sorpresa.

Envolveita n-unha folla de tabaco,
fuxes pol-a fiestra, e, pol-a mañá cedo,
lavas o rosto dos coellos no regato tatexo.

Déitaste nos trigás
e adovias o leito aos namorados.
Dos teus talóns agroman músicas señardosas
e nos teus dedos durmen lóstregos circulares.
Da túa cabeleira choutan muxicas melodiosas
cando unha brizna de vento a fai xemir como un violín.
Aboiando no ar é o fume da chama que tí és.
Pra os meus dedos non hai mellor guitarra.
O trebón tanxe n-ela magníficas romanzas.
Cando che se enguerella nas estrelas
abalas como un péndulo vivo,
e, vestida de lúa,
os teus berros fan ouvear aos lobos
e tolear aos serenos nocturnos.
Es outa como o ensono
e pequeniña como a amada.
Non xira o mundo, ao redor do sol,
senón ao redor do teu corazón.
Por navegar o río dos teus brazos
os meus beixos anclaron no pasado.
A noite te chama
pra que lle remendes a capa.
O vento te despide
abalando as súas máis brancas pombas.
Préstame a túa cabeleira,
porque quero pescar estrelas.

As tres Mariás
van visitar a Cristo en fía India,
Perderá a súa cadeira o rouxinol:
nas túas veas o sangue canta moito mellor.
Coa basoira de un piñeiro
ceiba de néboas a soleira do abrente.
Porteira da i-alba,
que das corda aos galos
e acendes o sol coa túa ollada.

Primadeiral, nocturna, auroral, doce, silenciosa, dramática...
N-ónde vives ¿Quén és? A quen amas?
Pastora de Silenzos, Nemiga de Palabras,
envolveita no teu manto xordo,
constelada de lembranzas i esquezos.
Quén és?
Por qué calas?
Es unha xirafa?
Mais ben sabes berrar damente as tempestades,
tal como unha cadela tráxica

Morres na paz de unha mañá de outono.
No corazón de un tolo és soterrada.

RICARDO CARBALLO CALERO

O R B A L L E I R A N A R U A

POR RAMON OTERO PEDRAYO

Na casa máis fidalga da rúa afeita á canalizare eternidas, un artista do dazaioito —Fernando de Casas e Nóvoa— deixara traballadas na pedra as fuxidas da súa maxinación apreixada no ámbito da cidade teolóxica. Aquila obra sinxela foi seu xardín, unha fiestra franqueada á campia. Ramos de follas grosas, carnudas de carne verde. As froles onde os abellóns e mil bichiños luxosos e miudos co seus negros de obsidiana, roxos de púrpura, marelós de ouro, azas de néboa, élitros fungadores, veñen pousar no priguizoso recendo das coroas, froitos graves, maduros, que un vento chimparía pra apodrecer no chán; ceibando as vidiñas infindas, da semente, baixaban pol-a faciana da casa como as espigas pol-a solaina, como penduran os ácios e as follas de treixadura pol-os graves esteos de pedra que os barrocos labran ca entana azul da montana de Caldas, como os renvos de carballo, de cerdeira, de loureiro, nidos entre as fendas que visten de vida decorrente fracasada e leda a nudeza dos penedos acariñados pol-o fuxir das yaugas.

O grande artista soñábase alagado n-un infindo mar de pedra griseira, dura, que tiña frescores de yauga e daba ao cicel lóstregos de ceo atreboado. El tiña de ordear o caos sinxelo da pedra en formas, callar a idea en feitura, ordear a cega sinxeleza en arquitecturas viventes nas que a yauga cantigase en coros, e a lus pousara afondando perspeitiyas calculadas enfeitizadoras. El houbera sido un xenial artista da paisaxe. Houbera disposto bosques enteiros pra recibire dinamente ao derradeiro sol da serán, houbera escultrado o Pico Sagro en feitura de alci-preste envolteito no subir de unha roseira e pousado no cumio o paxaro da lenda da Armenteira, e tallado nas beiras da roca da badía brava, un circo de soportals pra que

n eles pasara a onda mol do outono con salayos de virxe perseguida pol-o sátiro vello e barbudo do vento salgado.

De abondo fixo o altar do Obradoiro pra que o sol oficiara n-el o requiem do outono, as misas ledas da primadeira, e as estrelas do ceo e dos fogos de artifício, a festa maior do Apostolo. Mais era seu espírito campesio. Soñaba c'un pequeno pazo ulián de fiestras agarimadas pol-o frolescer dos xasmineiros, e hourizontes de viñas de disformes cepas retortas, e lameiros de yaugas encoradas, e follas verdes de rabaza, e treitos avigados pendurados de acios. Fixo na decoración da casa seu ensoño de fidalguío campesio. As follas e as froitas dos ramos sofrian fagula tempo unha agarda que chegaba á ser angustiosa, como agardaban as lousas do chán a soma dos soportals, as casinas homildes e serias de destas verdes, os grandes pazos severos, a eirexa feitiña. Pol-a hora dubidosa do aorente aquila agarda tivo remate: a orballeira picou nas laxes, esterri-couse pol-as fachadas dos pazos severos, estulcou a canle das gárgolas da eirexa, fixo bágoas de cómic nos vidros lixados, e medrando, rubindo, decorrendo, cantando, en mollos mestos, batendo como piornos mollados os camiñantes dos camiños labregos, ecoando nos ocos, facendo regueiros nos tellados, botándose asulagos pol-as gárgolas, pousando en sillós salferidos de globos nas pozarcas das laxes usadas, daba un vivir vexetal á total-as pedras, ilustres ou probes, da rúa prontas á verdecer como as campias, e as follas e os froitos de Fernando de Casas e Nóvoa, disfrutaron d'unha maxinada vida outoniza como si fôran follas e froitos da campia.

As criadas —de Ordes, de Tordoya, da Mahía, de Barbanza— saíron ledas ás portas e fiestras, falándose de lonxe como na aldea

se fala de eido á eido, de coto á coto. Xa o taberneiro estaba na porta, fumegando un charuto de costas ao escuro mundo da súa taberna, un mundo de pipas barrigudas, xerrias cooridas, vidros embazados, agora poucando dos oficios da noite. As criadas, dende as portas e fiestras, dironse de ollo, e coma quen non quere a cousa, despachando cada unha a súa angueira, agardaron a chegada da Basilisa.

O taberneiro, barrigudo, púxose coorado ao mirala chegar da misa tan compostiña e xeitosa coma unha señorina co paniño sedán faguendo pico sobre a caraña loira, e os peñños miudos pisando aixiña pra se non lixar nos charcos. Apenas a orballeira mollaba o corpiño lanzal e vandeante de palla de centeo, que c'un vibrar lixeiro escorre as pingadelas e figura medrar co chober. Pol-os miolos do taberneiro rolou un esvaio de frase. «Miña cousiña! linda frol, coroa, vidiña, que linda és, adeus miña gloria». Se non astrevía á dicir rên, as probes frases rolaban no desvan do maxín sin atopar saída, namentras a nena pasaba pizpireta cun «Bos días, señor Ventura!» na punta roxa dos beizos, e se metía no portal escuro da casa que tén embaixo a carpinteiría chea de virutas coma escumas da madeira e enriba geraniums nos ferros do balcón.

A rúa dende a primeira choiva outoniza volvía ao seu vivir fondo, co diálogo das fachadas un tempo parado pol-a enxoiteza do vran que pecha co gran sol a vos fresqueira das pedras, e as mil direicións ceibes, crebadas, retortas, incoscentes, servas, parvas, craras, ordinarias das xentes que habitan nela.

O crego D. Breixo Maceira dispuñase á tomar o chicolate despoixa de misar. Sempre que viña á cibdade pousaba na casa do abade. Gostáballe ao crego afeito ao grande xermolar dos agros, a eirexiña da rúa. E misando, cando os acólitos lle deitaban nas mans a yauga do lavatorio ergula os ollos maxinando mirar pol-as fiestras un pasar de nubens sobre os cotos, unha lonxanía de montes azules remedados de estiradas marelas. Era mozo D. Breixo, mais féble de saúde e súa concenza tráxica aréa da eterna polémica. Ás veces no seu curatiño probe,

nas longas seráns de primadeira con ventos ondeando as centeeiras, D. Breixo soño na aira de pedra casta, acarón do cabaceiro, sin grau, deitaba os xionllos nas lousas e choraba as mesmas bágoas que cando estudante no xiado craustro do San Martiño. Viña á cibdade por uns días. Quixera gastalos tranquiños, repoiñéndose da cruel mordedela da yalma. O párroco non eisprimentaba a máis levian dúbida. Os confesores, algún sabio coengo, formarían cecaís un probe conceito do crego aldeán tan pouco dado ás angueiras parroquiás que tiña tempo pra sufrir co misterio da Gracia, ca realidade das cinzas apostólicas. A casa, avigados os treitos, renchente o chán, c'un soño andar, sufincábase en columnas sinxelas, franqueadas, prolongando deica o pórtico da eirexa o grave e solene soportal das cascas fidalgas de pedra antiga e labourada. Parecía unha casaña de mariñeiros e a lus do pórtico da eirexa o farol de un cemiterio beira da praia. D. Breixo sorbendo seu chicolate compraciase en dibuxar o programa dos seus paseos. Baixaría á carballeira de S. Lourenzo, procuraría un libro pra lér no camiño tristeiro que vai por tras da horta de Santa Clara. Dende estudante gustaba de aquí paisaxe eisaltado pol-a presenza do Pico Sagro. Un rexo pisar fixoo espertare das gostosas cavilacións. Entrou o abade berrando: «Pro hom! aínda estás eiquí perdendo o tempo! Xa sabes que eu non me quero meter no voso pleito. Estórbamo a miña posición. Tí debes arranxarte soño. Xa debía ter falado co Lectoral, co Segretario e pedido audenza ao señor Provisor. Valente cura fas dos negocios!», e runfando púxose á lér «El Eco de Santiago». D. Breixo ficou abraiado. ¡Xa se tiña esquencido do seu pleito! Tería de deixar os paseos meditativos! Na libreiría locían os lombos de moitos libros en edizóns do dazaioito os máis d-eles. Houbera collido a «Gua de pecadores» do P. Granada. Non se astrevía á bulir. O abade, mal xenio e franco curazón, deseguida arripintido do sermón que lle botara ao crego mozo, quixo pedirlle perdón alargándolle un cigarriño. Entramos fumegaron en silencio diante a xicara valeira na cámara branqueada e c'un cristo encol da librería. O fume de D. Breixo dicía:

«Son un probe pecedor, non sirvo pra rên, si os casos de concenza me deixaran en paz, alagábame na soma de un convento». O fume do abade dicía: «Es un bó rapaz. Eu estiven moi duro contigo. Non teñas pena. Hoxe haberá bó postre de cabelo de anxel que che ha gustare, pois na tua esgrevia parroquia non estarás afeito á istas lamberetadas».

«Miñas fillas, Antoniaaaah, Lucíaaa. É que ides á gastare toda a mañán no leito, priguizosas? Pol-o menos a vosa irmá foi á misa e non se demorará en vir. Arriba, que temos moitas cousas que arranxar!»

As voces de Doña Amalia resoaban estranamente na nova casa. Soilo dúas ou tres habitacións estaban medio dispostas. Nas outras resoaban as voces e as pisadas ca sonoridade das salas valeiras. Había bultos de mobres pousados por todas partes, unha silleira encapuchada en teas brancas, o espello de un tocador dando voltas á calquer movemento. As mocíñas espertaban ledas, gostando do pracer de estar na cibdade. Finara a vida da aldea. As tristes noites arredor do quinqué de petróleo, as latricadas dos labregos malinos e porcos, as pretensións dos mozos *chés*, que por vir con sombreiro de palla e catorce mil réas no bolso xa se astreven á lle falar de amor ás señorinas de pazo. Ista palabra «pazo» desfaguíase nos beizos da Lucía coma un bombón. Na cibdade había moita aristocracia, certamente, pro tamén moitos tendeiros con cartos, e zuruxanos cuia executoria era o bisturi curtando no fígado. O que ela iba á locir dicindo ás amigas, na Ferradura: «Dende a solaina do noso pazo, mirase unha paisaxe do máis fermosa». Pazo, Pazo. Eran en dúas parroquias as señoritas do Pazo, e falábase das rendas, dos cans, dos cabaceiros do Pazo». Lucía, loiríña, miudiña, fresqueira, bañábase no leito co pracer da nova vida. Agora de lonxe, era cando amaba ao Pazo, que vivindo n-il lle parecía feio, tristeiro, sempre encabuxado cas hedras negras da capela. A irmá maor, a Antonia, mirou dende o leito de acarón os pensamentos da Lucía. Espertando ás veces na noite tiña desexos de llo dicir. Cando resoou a orballleira coidaba que había roupa posta á enxoiar no campo da figueira, i-estivo por se erguer. Decatouse

de estar na vila ao escoitar conversas que rubían da rúa resoante. Con door i-espavento, a Antonia mirou arredor aquí aspeito de campamento. Chegou un gran estrondo da cocíña, e rifas da nai. Crarol, a criada xa se volveu tola, como as miñas irmáns, como a nosa nai. E a Antonia berroulle a Lucía: «Anda, muller, xa podes estar contenta. Xa estás na vila. Probes eidiños vendidos a disparte. Chimparán os souts, esborrallarán as capias dos muros. Na casa queixaráse o can, e o caseiro arrincará as fermosas hedras da pedra de armas pra darllas ás cabras —as hedras de novela inglesa.»

O carpinteiro vello que foi sancristán de Santa Susana e tiña melros asubiadores da Marsellesa en gaiolas nos carballos cando era crego D. Bieito, monxe eiscraustrado, gran chimpador de tinteiros do Ulla, e morría o Arcebispo Payá, considerando un pouco as limpas táboas de castiñeiro pensou: «Iste non está amerado. É bó pra a mesa de un cadeirático». E truboulle a yalma un recordo dooroso acrecido pol-o caír da choiva. «Un fillo cadeirático. E de Dereito como D. Alfredo Brañas. Eu fixen o que poiden por il. Levaba ben a ampriazón. Mais o demo do viño. E o outro demo da donicela moza do Mercado. O ladrón botoume un dfa na cara que eu tamén me emborrachaba. Coma si fora un pecado n-un artesano. Como si non bebera tamén o cadeirático de Lóxica, e moitos coengos que eu coñecín. Ista é unha porca cibda clerical. Mais si poido ser cadeirático de Dereito. Tería o seu despacho de abogado no Preguntoiro. Non, no Preguntoiro, non. Millor na Senra, máis preto dos paisanos. Eu cas miñas antiparras estaría tamén no despacho, feito un señor lendo con toda a calma os informes de D. Xácobe. Non é mal castiñeiro. Dixome que fixera a mesa «estilo hespañol». Qué será d-il? Tiña fai dous anos un boliche na fronteira de México. E a candonga da moza servirá cos brazos espidos aos clientes que pagan en ouro e andan á tiros cas botellas do mostrador por se divertire. Estilo hespañol, estilo hespañol», dicía arrincando as primeiras volutas leviáns da madeira. Logo mirando por riba das antiparras, á través da fiestra remendada a casa de por fronte, a das pomas e fro-

les: «Será eso estilo hespañol? Non-o creo. ¡Qué fermosa él!».

Diante un escaparate de libros o mocíño Xenaro Vilar, dubidaba. «Goethe: Un coeur virginal». Libro lindo, pequeno, bó pra portar no bolso. Había edicións hespañolas de clásicos modernos que lle fagulan mal por lembrarlle as leucíons de Preceptiva Literaria. Había libros que sospeitaba queimados pol-a febre, desacougados, ambizosos, pesimistas. E íl, Xenaro Vilar, estudante, dazasete anos, criado na costa entre Malpica e Camariñas, tiña precisión de paz e repouso. Quería traballar en algo seguro, que lle remanecera do espírito, como deberon traballar a pedra os arquitectos do Obradoiro. Enchíao unha voluptuosidade. Estaba na Universidade. Dende nantronte na cibdade variada, grande, resoante, onde tería amigos, mestres, longas noites de lectura, un acougo pra as inquedanzas dos invernos gastados na beiramar, ensoando románticamente xestas de neboeiras e gaivotas, velas ao largo e o pasar silandeiro de estadeas descoñecidas que lle deixaban na yalma un labio de misterio terrible e agasalheiro. A súa pregunta era: serei digno? Fagufa un instante mirando dende o seu coartíño a torre do Reló: «Traballarei meu espírito ca forza e lediza con que foi isa torre traballada». Xa na rúa, camiño da Universidade (crase de Historia ás nove) dóese de ser un probe farrapo, avergoñouse de pousar ollos que íl sentiu de lume no cóbado espido de unha rapaza. Pasou un coengo, deixando unha estela de roupas negras. Xenaro Vilar decideuse. Mercou o libro de Goethe como quen merca unha caixa de inyeucíons pra se fortalecer.

A rúa esponxábase baixo a choiva. No outono as vidas volven á faguer un movemento de marcha. Tras das fiestras homíldes ou das fidalgas balcoadas, mil vidas espertan, xermolan, cativas, socegadas, doorousas, heroicas, parvas. Do portal do Hotel sae un fato de turistas: impermeables de reflexos de onda e sol atrántico, xentes loiras, ollos verdes, graves, sportivos, finxindo algú a indefrenza de considerare ao mundo como un parque pra os ingleses. No centro do grupo Lady Woolf, branca e rexa dona:

vrans nas Hébridás, mañáns anciosas na India agardando que no azul alapeado dos montes cabalgue a nuben da monzón. Da torre do Reló baixan as nove badeladas, e van pousando, unha tras a outra, deica compretar o número simbólico, nos treitos orballados, nos ocos sonoros dos craustros, nos rueiros labregos, na rubida nervosa ou vexetal das torres, no madurare das cúpulas, a coor e a tona da hora, outro estrato de tempo levían que xunguida ao das oito, ao das sete, ao de total as horas decorridas, fan as cousas un pouquiño máis vellas, asegún o fito particular dos arboredos, das campias, das casas, das torres. A hora baixa lavada como unha concenza, imperiosa, carregada de deberes. Lady Woolf, camiña embarcada na nau da hora. Na súa yalma resoa longamente chamándoa pra as intensas avenidas do xardín interior. Sinte a gravidade do outono, e non perde o tempo prezoso mirando á rúa, nin petando con aas maxinadoiras nos muros da Quintana. Non hai pra ela un ventíño levían no alcipreste, nin un salaio elixíaco na viola de David: a dramaturxia das Prateirías non pode trubar a chamada meditativa, o ronsel seguro e locente da hora. Namentras os turistas comprindo seu deber percorren grutas de capelas, e sendeiros de naves, ela ancora, finchada como unha vela pol o aer da hora, no acougo de lago do Craustro. Cecáis lembra o lago de Bourget ou o folgo das yaugas de neve nos pregamentos hercynios da Escocia. Lady Woolf ten feito no Colexio moitos temas encol de Walter Scott, e na súa estirpe de fidalguía contraria aos Tudor, trema unha lembranza da rosa de lume sacramental de Roma. No chan as ondas do tempo van usando o argumento teoloxal, fidalgo, ou penitente, das tampas sepulcraes. Eiquí un probe agarrado ás Secretales e ao Petrus Lombardus, foi ardiciago do tidoo cuio nome evoca vals verdecentes e carballeiras sombrisas. Alí as armas esgrevias de unha caste feudal, amoleceron nas liturxias coraes.

Lady Woolf ten calcado moitos cemiterios. A compañía da Morte é pra ela saudoso chamamento de Vida. Sabe da Galiza algunhas cousas: a veiga do Padrón, o vento elixíaco no xardín de Moore, as saas de un pazo, ro-

seira da terra donda do Salnés, viaxes de ingresos do tempo romántico, contos de un tío seu que folgaba das sesións dos Pares, pescando a troita nos craros ríos galegos verdescentes da follax dos salgueiros tremorosos. E Lady Woolf vai escribindo n-unha libretilla notas encol da Galiza. Do que a Galiza sería si as cousas dos homes poideran decorrer ca sinxeleza dos ríos onde seu tío procuraba as troitas. Vai escribindo: «Un sentido de eternidade foi medrando n-ista terra, ordeada coma unha paisaxe gasalleira, regada pol-as fontelas sempre novas de unha tradizón cuíos primeiros ecos veñen mollados pol-o orballo luar dos druidas. Na Facultade de Teoloxía e de Filosofía o pensamento seréu, repousado, ía participando no diálogo eterno das filosofías e pondo n-il un céltigo acento tendido cara unha solución do problema en armuña co degaro insadiseito e saudoso das formas da vida e do mundo.

Nos Pazos, a xente da antiga caste, refaía a existencia patriarcal, gardando o sentido dos xénes de tribu agora feitos espellos de xenerosidade, amparo, eleganza e arte enxebre en total-as cousiñas miudas. A lin-

goa, doce, refreixiva, criadora, bañaba ao vivir galego na confianza de un superior destino. Non podían ser témeros os problemas da vida: o compango, a casa, o traballo, pois a natureza deitaba froitos de severa mantenza, e as ambicións non pasaban do circo de un vivir sinxelo. Terra ditosa, en camiño de ser eixemplo das outras, pol-a alianza do folgado vivir ca aspirazón dos espíritos. Mais ao igoal que aconteceu cas ilustres sociedades homéridas (eiquí Lady Woolf gostaba de unha fermosa cita grega) tamén outros dorios, pastores, conqueridores, probes, galoufantes, viñeron á trubar o sinxelo decorrer da Arcadia céltiga». Lady Woolf, escoltón no craustro un bravo e duro falar castelán. Pasaban coengos de estreita teoloxía e soberba etiqueta disprezativa. Lady Woolf confirmou a tesis da súa hestoria maxinada. «Teño a chave da historia de ista terra. Pouca falla mé fai a investigazón erudita». E soñaba ca fermosa tipografía do libro, de historia intuitiva, que ela comporía no retiro da súa casa quente e pechada, seréa lus, na néboa de millóns de vidas e fumes, do Londres enorme.

C A M I Ñ A N T E S

AFIADOR

E saben os seus ollos de cómaros e pinos.
—Tamén a noite afía no vento rel que brua
salaos e friaxes da serra infinda e nua,—
E saben os seus beizos de anceios pelerifios.

E contan os seus ouídos de páxaros e sinos.
—Tamén a noite afía—tamén a noite é crua!—
o gume do silencio na roda gris da lua,—
E contan os seus remos de rondas e destinos.

Afiador, meu vello: tamén teu mundo afía
a fouz ourilocente da miña fantasía,
Con ela voume embora nubeiros a segar.

E págame saudade en moeda de luceiros.
E merco versos lindos: ronseles e vieiros,
Afiador, meu santo; pra te poder cantar.

MENDIÑO

Co sol de porta en porta —que o mesmo sol mendiña—
no peito o lar perdido, seu corazón na mán;
sin norde, mundo adiante, camiña que camiña
á esmola de hourizontes de cántigas e pan.

Ninguén lle pón reparos; liberto da pauliña
tén os camiños francos do abrente ata o serán.
Os seus papés mui limpos: o pase da anduriña,
carnet de cuco vello mais cédola de can.

Ouh doce mendiñante da nosa terra linda!
Lelías na campaña da tua anguria infinda
Tapete o vento lilios no teu vieiro gris.

Amigos teus a choiva, cadelos e curisco.
De prumas e de sedas e relva mol o cisco.
E brinquen as esmolos en farto chafarís.

SEGADOR

Pillóu a lua oombo... Nin páxaros nin niños:
o fume da poeira nos chairos de Castela.
Sin chancas nin espigas —o pan, o pau son d-ela—
e volta pra Galiza co vento dos camiños.

Dez pesos n-unha nota! Regueifa nos muiños,
enchenta de saudades e caldo prá cadela.
O sol eistrano e ferol Bola de pan, manela,
apertas da parenta e bicos dos miniños.

Hála! Hála pra Galiza, que hai brétemas e orballos
e gándaras e serros e relva e pedrugallos.
Castela regateira merca suor e callos.

Hála! Hála pra Galiza, que hai frores nos carreiros
e festa nos regatos e prata nos outeiros.
Por sangue novo e rexo Castela da diñeiros.

MANUEL LUIS ACUÑA

NÓS, OS INADAPTADOS

Por VICENTE RISCO.

PRESENTO eiquí non *frente a*, senón *dianta* de a gente moza que ven atrás de nós na renacementa galega, certos supostos viventes no cerne do sistema de coincidencias dos homes do meu tempo. Istes supostos poden fornecer a espricadeira do noso xeito especial de sentir e pensar, que difire en moitas cousas do d'aquiles que veñen atrás de nós. E teñen ademais, no mundo do espírito, atal e como hoxe está constituído, tanto dereito a ser tidos en conta, coma poidan ter os supostos novos nos qu'outros homes se basean.

O vir a conto o tratamento d'iste asunto, justifícase dand'o istante que por algúns mozos, continuadores mais ou menos trocados dos qu'hai uns anos chamábanse a si mesmos os *novos*, preténdese unha sorte de reviramento total do pensamento galego culturalmente militante. Justifícase aínda mais, cando, ollando dand'a a nosa banda, o pensamento galego atópase n-un intre no que non podemos adiantar con seguranza vendo o d'hoxe, o que vai a ser mañá.

Poño por diante que non dou tino á teoría hestórica das geracións que n-un desesprado esforzo inventou o pensador hespañol Ortega e Gasset, de tan escesiva influencia na mentalidade d'algúns mozos galegos de hoxe. A verdade é precisamente o contrario do que pensa o Prof. Ortega, me non podo detér a decir porqué.

Aínda dúas cousas mais enantes d'encomenzar: por moi diferentes que sexan de nós os mozos galegos mais novos, por moito qu'os seus supostos difiran dos nosos, sempre haberá antr'íles e nós unha coincidencia fundamental: íles e nós, somol-os derradeiros, os últimos d'un gran ciclo histórico; íles e nós somos homes das postrimerías. Somentes qu'a mocidade moderna —eu seiño porque teño lido moitos dos seus escritos— semella non decatarse ben d'elo, namentras

que nós si. A idea da decadencia d'Ocidente era unha idea vivente en nós moito antes de que Spengler tivera pensado en escribir o seu libro. Pol-o 1912, tiña eu escrito outro libro no mesmo senso que ficou inédito, e qu'ó de Spengler inutilizou pra sempre.

Mais, adentro d'isto, hai a circunstancia d'estarmos nós colocados pol-o azar histórico no lindeiro de dous tempos diferentes: o dos nosos pais, e o dos mozos mais novos. Por iso podemos nós comprender ben o qu'istes pensan, deámoslle ou non asentimento.

I

Eu caracteirizaría aos homes do meu tempo preocupados pol-as cousas do espírito, dicindo qu'eramos —e somos— os auténticos *vencidos da vida*. Moito mais vencidos do que Eça e que Ramalho. Insatisfeitos, non conformistas, de cote rebeldes. Vencidos da vida por *inadaptados*.

O problema dos inadaptados é un dos grandes problemas das decadencias. Hai n-íses tempos d'economía, de política, unha chea de naturezas estremamente delicadas e coscentes, depositarias das mais depuradas esenciais da cultura, que embora non sexan dispreciadas nen perseguidas, embora se vexan mesmamente agarimadas e ajudadas, non poden sentirense solidarias co-a marcha histórica do momento. E son os malcontentos, os difíceis de gusto, os dispreciativos, os disgustados de todo, os qu'andan á procura das cousas lonxanas, estranas e requintadas, os anormais por supernormais.

O tipo deuse adoito na fin do século derradeiro, e atopou cecais a mais nidia expresión literaria no Des Esseintes de Huysmanns. O título da novela de Huysmanns dió todo: *À rebours*; porqu'iso é o que son os inadaptados, os que van a contraño do seu tempo,

os que non acaen cos seus contemporáneos. Des Esseintes é realmente un chiflado, porque evidentemente, a eisageración do tipo pode ser morbosa, mais por mais que sexa un chiflado, non perde endejamais a nobreza.

Citei a Huysmanns atengo, porque foi un dos nosos mestres. A nosa cultura d'auto didactos, formada coma Deus ben quixo, lendo libros e libros conforme nos viñan ás maus, se ben uns turraban pol-os outros, fíxose principalmente en libros franceses. O francés era d'aquela a única lingua estranxeira que coñeciamos ben, anque n-aquilo tempo da nosa mocidade, por eiqui en Galiza, a mais moda era o inglés. Nos sabiamos algunhas verbas inglesas pra misturarmos na conversa, por moda, n-aquilo tempo en qu'a derradeira expresión da elegancia na nosa Terra, eran os empregados do Cable de Vigo.

D'Ingraterra, ltamos en traducións a Ruskin, Carlyle, Swinburne, Rossetti, e dos escritores de lingua inglesa, por riba de todos, a Edgar Poe. Mais ja digo, as nosas leituras predominantes eran francesas: en poesía, Baudelaire, Verlaine, Mallarmé, Rimbaud, Laforgue; en novela e conto, Huysmanns, Peladan, Jean Lorrain, Rachilde; na crítica, Remy de Gourmont; no teatro, Maeterlinck. Aínda n-isto, tiñamos a Ibsen e mais a d'Annunzio, único italiano qu'entraba na nosa preferenza. Os nosos filósofos eran Nietzsche, e algúns místicos que nos descubría Maeterlinck, coma Ruysbroeck o admirábele, Novalis, Emerson, Ernesto Hello. Despoixas procurábamos outros escritores mais raros aínda: León Bloy, o Conde de Leautremont. Dos exóticos, Omar Khayyan de Nischapur, e mais tarde Rabindranath Tagore. Hispanol, moi pouco: Góngora, por riba de todo, e os primeiros modernistas; dos portugueses, Eça de Queiroz, Lopes Vieira, e principalmente Eugenio de Castro; algúns catalás: Maragall, o Xénius da primeira época, o esquecido Diego Ruiz. D'América, Rubén Darío e algúns argentinos raros que non lembra ningún.

O noso espírito zougou d'esas fontes unha ideoloxía vaga, non ben determinada, cecais contraditoria, qu'entrou en nós fundamente

e pra sempre, e pouco e pouco, pasenñamente foi collendo corpo e determinou o qu'habíamos ser, pensar e sentir.

Cultura propia pra introvertidos, filosofía d'abstractores de quintas esenciais, d'habitadores das torres d'almas. Efectivamente: introvertidos fomos ata non chegar a nós o galeguismo. Vivimos solagados nos ensoño, moito mais do que no pensamento propiamente filosófico. Non embargante, tiñamos já d'aquela, e temos, unha filosofía, un verdadeiro sistema orgánico e vivente, unha concepción do mundo e da vida tan valedeira com'a de calquera filósofo sistemático, mais se cadra, qu'a de moitos actuais profesores de filosofía.

O noso pensamento, é o d'unha geración qu'aínda acordou os derradeiros esprendores d'un mundo que morre, esprendores que, probabementes, os mozos que veñen atrás de nós, non poderán já ver na vida. Do mesmo xeito qu'unha candeia ou unha lámpara d'aceite cando vai morrer, a súa flama bota enantes súpetas e cintilantes luzadas, asína a Europa moribunda ostentou aínda na fin do século derradeiro, os lumiosos ouros trunfais da poesía simbolista, da pintura impresionista e postimpresionista, da música de Wagner e de Strauss.

II

Primeiramente, deprendimos dos nosos mestres, a odiar o noso tempo.

Os inadaptados son, por definición, os insatisfeitos do mundo sensíbel, os inimigos da realidade cotián, os que procuran fuxir do meio qu'os arrodeia. D'eiqui a concepción da arte com'evasión.

Mais, enténdase ben: nós non desbotámo-lo meio natural, non condanabámo-lo natureza. Pol-a contra, rousseauianamente — millor diría: superousseauianamente — paseabamos pol-a campia, procurabámo-lo aldeia, e mais aínda qu'a aldeia, o monte; sintiamos já d'aquela a intimidade da paisaxe, e atopabámo-lo millor paladar canto mais salvaxe, canto menos aparecera profanada pol-a mau do home.

O inimigo estaba n-outro lado: non fuxiamos do meio natural, senón do meio social que nos arrodeaba.

Eiquí compre que nos espriquemos ben, porque hai unha parte da mocidade d'agora en franca rebeldía contra da sociedade actual, que naturalmente, é mesmamente a mesma do noso tempo. Mais antr'a rebeldía d'ises rapaces e a nosa, non hai nada de común; son mais ben rebeldías de senso contrario. Ises rapaces móvense por un intrés social, levan, trabucada ou non, unha idea de melloramento, de pretensa perfeizón, de reforma da sociedade. E tiran as súas ideas de reforma, crar'está, de conceitos e sentimentos correntes na sociedade actual, na que viven; a súa reforma social mesmamente, pretende responder ás tendenzas ou ás necesidades dos homes modernos, ou sexa, dos homes espiritualmente formados nos supostos d'esta sociedade que se quer reformar. Iles opoñen á sociedade actual unha sociedade futura na que as esigenze dos homes da sociedade actual han ser satisfeitas, mediante o desaparecemento das condicións sociais vigentes. N-unha verba: son *utopistas*.

Pois ben, nós non eramos d'ise geito. A nós non nos movía ningún intrés social, non arelabamos ningunha reforma, non opuñemos á sociedade actual ningunha sociedade futura.

A nosa rebeldía consistía en segregármolos espiritualmente da sociedade, desapegármolos das súas tendenzas e dos seus problemas, isolármolos na nosa alteirosa indifrenza dos seus afans e trafegos, das loitas e porfías, e acomprimol-o noso rol sen ledicia e sen pena, e principalmente, sen intrés ningún. Eiquí debo lembrar a atinada observación d'outro dos vedoiros da decadencia, o Sar Peladán; pón iste coma un dos mais característicos os fenómenos do noso tempo — época contemporánea, «a indifrenza dos actores sociais pol-o seu rol». Isto qu'il costataba coma feito, tiñamol-o nós como doutrina. Pra nós, a profesión, o emprego, a angueira, non era nen debía ser mais qu'a maneira de tirar unha soldada pra vivir, non podía ser tomada en serio, e aínda era coma que vergoñento amostrala fora da oficina, do despacho, do taller. Fora do sitio ond'un traballaba, recobraba un a súa inteira persoalidade de Fulán de Tal, e non tiña já cou-

sa ningunha que ver cos chefes, mestres nen compañeiros. Pertencía un a outro mundo.

Compañeirismo, solidariedade profesional ou de clás, eran com'a políteca, os intreses públicos, a reforma social, a sociedade futura, a revolución, a utopía, preocupacións e angueiras propias dos filisteus.

O *filisteu* era por definición o home preocupado da cousa pública e dos seus graves asuntos: da política, do sufraxio universal, dos programas dos partidos, da banda municipal, do periodismo, das formas de goberno, das Academias, dos Jogos frorais, da vontade popular, da pavimentación, do alumbrado, do problema social, da instrución pública, do Capital, do Traballo. Todo home d'ise geito constituído, fora il conservador ou revolucionario, mitineiro ou cacique, gardador ou perturbador da orde, era—e ha ser sempre—un filisteu. A súa representación simbólica era o señor grave, notario, magistrado, interventor da Facenda, con bimba e leontina d'ouro; mais tamén o obreiro de blusa ou mahón era filisteu.

Baixo do nome de filisteu, de bon burgués, de Mr. Prud'homme de *Celui qui ne comprend pas*, iste persoage encarnaba de cote pra nós o senso social da vida. Pol-o tanto, era o nemigo. Ata certo punto, éranos lícito seducir aos seus fillos e raptar ás súas fillas.

Imos aínda mais adiante: así coma moitos rapaces d'agora viven moi satisfeitos no seu tempo, porqu'o seu pensamento acae ben co periodismo, co industrialismo, co politicismo, etc., etc., e os que reaccionan contra do ambiente real é obedecendo ás correntes ideas qu'atrasan ise mesmo ambiente, nós reaccionabamos, non sementes contra do ambiente real, senón tamén contra do ambiente ideal, contra dos ideas todos da sociedade moderna.

Eramos, n-unha verba, antigregarios, antisociais.

III

Eramos singelamente *individualistas*.

Contra do ambiente social, real e ideal, do noso tempo, opuñamos un zelo da nosa liberdade, qu'aos rapaces d'agora halles semellar disconforme. Conservamos aínda ise

zelo da nosa liberdade. Ben sabemos que pasaron os tempos en que se podía conservar a liberdade na vida social; sabemos que hoxe, na vida moderna, a liberdade é imposible; mais non renunciámos de ningún xeito á nosa liberdade interior que hemos afirmar de cote, impenitentemente, por fronte a todol-os imperativos qu'os tempos nos queiran impór. Nós fixerámonos libres de todol-os vencellos, sen quitar un. Hay hoxe moitos rapaces, e tamén moitos homes do noso tempo e moitos vellos, que din que se ceiban da patria, da relixión, da familia, de todas esas cousas ás que chaman prejuizos, sen por elo ficaren libres, porque, ou son vítimas dos prejuizos contrarios, ou ao menos, fican mais suxeitos aínda ao pensamento que semella dominante na época—por que iso de que «hai qu'ir cos tempos» é tamén un prejuizo, unha obriga e unha escravitude—e de todos modos allean a súa liberdade en servizo d'utopías e programas socias e politicos.

Ten que ser d'iste xeito, porque así coma o noso tempo era centrífugo, o d'agora é centripeto e gregario. Ajúntanse d'unha beira as forzas destrutivas da cultura—pol-o menos da cultura actual e tradicional, únece coñecida—e témol-o comunismo; ajúntanse d'outra as forzas defensivas, e témol-o nacionalismo. Moitas veces hai antr'estas dúas tendenzas gregarias—porque hoxe ata pra disgregar compre agregarse—transacción e acordo. Niste ambiente, no pensamento e no sentimento dos mozos, predomina a solidariedade. Sintense solidarios os da mesma idea, os da mesma clás, mais non é isto soilo: sintense solidarios os dos mesmos anos, cousa que non acontecen dende as *clases d'idade* de certos pobos primitivos, o qual pode querer indicar qu'as culturas acabán por ond'empazan.

Non hai mais que ver o diferente significado qu'agora e entón ten e tiña a verba *nós*. Cand'un do meu tempo dicía *nós*, se non refería endejamais aos da súa geración, nen aos da súa clás; referíase de cote a un pequeno agrupamento identificado no pensar ou no facer, a unha escola, a unha capela, a un cenáculo—o noso tempo foi o dos cenáculos literarios e artísticos. En troques can-

d'un mozo d'agora di *nós*, refírese as mais das veces ao do seu tempo á súa geración. Non foi outro o senso dos «movementos de mocidade».

A nosa atitude tiña, naturalmente, unha derivanza moral. Era aquela unha verdadeira doutrina moral sen obriga nen sanción, encomendada á conciencia de cada un de nós. Moral individualista, viña ser no fondo a moral do culto do eu, pouco enantes padricada por Maurice Barrés. Todo nos estaba permitido non sendo a infidelidade ao propio eu, todo esente unha treición á propia persoalidade, todo quitando un devecemento do individuo. A régula suprema era ser o qu'un é deica o fin, ser fidel á interna lei persoal do eu concreto e ceibe, sen concesión a ninguén nen a nada. Era unha moral de soberbios.

Pol-o tanto, e obedecendo ao axioma «ser diferente é ser existente», cada un de nos puña o seu empeño en non asemellarse aos outros en opinións, en gustos, en costumes, en dar a toda a súa vida un rubro persoal e distinto. Non andamos os ús atrás dos outros, coma moitos hoxe fan, non seguíamol-a moda, nen xiquera no vestido; aínda n-isto cada un procuraba levar algo qu'os outros non levaran. Non ademitiamos nada uniforme nen en serie, antes ben procurabamos de cote o que nos alonjara da moitedume, da usanza geral. Tiñamos noxo ao adocenado, ao vulgar, ao común, e calquera raridade, calquera estravagancia, atopaba en nós quentura e aplauso.

IV

Deiquí viña tamén a procura do exótico.

Non eramos, crar'está, internacionalistas nen cosmopolitas. Internacionalismo, cosmopolitismo, desaparición das fronteiras, fraternidade universal, eran ideas que pertencían á bagaxe dos outros, dos filisteus. Mais tampouco éramos patriotas. O patriotismo d'aquela era o patriotismo hespañol de percalina e marcha de Cádiz que pertencía ao común da gente, ao vulgo profano; aínda o casticismo era unha cousa oficial, académica e filistea. Nós eramos exotistas, partidarios do lonjano, do recuado, do desco-

hecido. O noso ensoño iba car'as terras exóticas, onde se non coñeceran as máquinas e os homes non levaran chistera; os recantos aínda case inéditos da India, da África central, do Thibet misterioso, ou car'os tempos antigos d' Egipto e Babilonia.

E andivemos pelengrinando pol-as cosmogonías e pol-as culturas en demanda do insólito. Interrogámos os misteiros dos Egipcios en Samblico, en Plutarco, nos hieroglifos, en libros modernos como do egiptólogo alemán Adolfo Erman en col da magia egipcia. Buscámosll'as voltas ao Budhismo; solagámonos na teosofía, procuramos revelaciós no Popol Vuh de Guatemala, no Libro da Geración d' Adán dos Nabatheus, no Kalevala de Finlandia, en Eliphas Levi e mais en De Mirville. Eu mesmo metínme a estudar as relixiós da India, as seis Darshanas ortodoxas, os sistemas disidentes de Siddhartha e de Mahavisa, as filosofías malditas dos Lokayata, dos Saktistas e dos Thous; cheguei a deprender-as declinaciós e conxugaciós sanskritas, a lér decorrido o alfabeto devanagari.

Non sintíamol-o hespoñol, e se respeito da Europa eramos orientalistas, respecto da hespaña eramos europeístas. E cand'outr'os escritores modernistas, que nós coidabamos que dician conosco, emprinciaron os cantos a Castela e á vella España, foron por nós condanados ao esquecemento e ao dispregio.

V

Ben crar'está qu'esta procura do lonjano e do exótico viña do odio ao noso qu'atopabámos, con razón, ategado de vulgaridade e de fealdade.

Sabíamos, ademais, qu'esta vulgaridade, qu'esta fealdade non tiñan enmenda, e por iso eramos pesimistas. En xeral, o mundo, pra nós, era cousa qu'había qu'aturar c'unha postura de dandysmo.

O noso tempo, coscente da decadenza, foi en xeral pesimista. Mais atrás de nós xurdiu unha polvoría d'optimismo. Seña que as doutrinas e teorías acochen a verdadeira realidade debaixo do seu ouropel, seña pol-o que fôr, os mais dos rapaces d'agora semellan non deprecatarense de seren homes das

postrimeirías, e moitos crên ou fan que crên que'están inaugurando un novo ciclo histórico. Algús mesmamente chegaron a unha solución desesperada: invirtiron as nociós tradicionáas do belo e do feo, e emprinciaron a defendel-a beleza dos cachivaches e trebellos do chamado progreso. Outros, mais francos, chegaron a dicir qu'a arte non tiña que ver coa beleza, senón coa fealdade. Semella qu'estas aitudes están já anticuadas; mais o optimismo sigue, e os mais áchanse satisfeitos no seu tempo e identificados coas correntes que coidan domiñantes. Por certo que, n-iste mundo, non se contenta o que non quer.

VI

Compréndese tamén qu'a nosa moral individualista do culto do eu non fose unha moral pensada pra todol-os homes, que non pretendéramos que fose universalmente valedeira.

Efeitivamente, longe de pretendemos pra ela unha valideza universal, coma facían os filósofos e fan hoxe os profesores de filosofía, gardabámola com'un privilegio.

Era unha verdadeira moral de caste, mais non de caste social, senon de caste espiritual.

Nós tiñamos un concepto hierárquico dos homes, coma queda indicado nas devanditas alusiós ao vulgo profano e aos filisteus. E tampouco desbotábamos de todo as distincións sociais cand'elas tiñan unha orixe superior ao *consensus*, coma é no caso da nobreza de sangue e nas diferenzas d'educación—comprendendo esta verba no senso que lle dá a sociedade, e non no que lle dá a pedagogía.—De tal xeito que algús de nós, fidalguíños de non moí outa categoría, andabamos preocupados coa nosa arbre genealóxica, procurando entronques e antiguidade. Mais o esencial era sempre pra nós a superioridade do espírito.

En todo caso, sintíamos máis fondamente o que nos arredaba do que nos achegaba aos demais homes. Levabamos o *pathos* da *distancia*, que dicía Nietzsche. Nada mais longe da nosa y-alma, qu'o pensamento ou o sentimento da igualdade, qu'atopabamos antinatural e depresiva. Puñámol-o acento no espírito, e o espírito é de cote hierárquico.

Por iso, se pasamos por moitas cousas, non pasamos endejamais pol-o socialismo, nen por ningunha das doutrinas semellantes, s'algunha vez algún de nós manifestou simpatías pol-o anarquismo, foi porque vía nil a destrución d'unha orde de cousas qu' atopabamos noxento, non porque nos resultara menos antipática a orde de cousas qu'o anarquismo viñera a instaurar.

Nen a nosa moral, nen o noso pensamento, nen a nosa arte eran pra todol-os homes. Pol-a contra: un libro, un cadro, unha peza de música, eran pra nós de tanta mais valía, canto por menos gente foran comprendidos. A arte non tiña un rol social; era o goce esotérico dos escolleitos, era unha revelación mística, era a fenestra de Mallarmé dende a qual viransell'as costas ao mundo, era a evasión dos insatisfeitos, o trunfo dos vencidos da vida.

VII

Pra obter a revelación suprema da arte, cumpria, asegón nós, poseer un ingrediente psíquico que por non ter outra verba millor, chamabamos nós *esprito*.

Non é cousa doada espricarmal-o que é o esprito.

Dende logo, o talento non é. De toda certeza, hai moitos filisteus con talento, somentes que non hay ningún que teña esprito. Con talento, pódese ser todo: ministro, enxeñeiro, presidente do Supremo, arqueólogo, catedrático, inventor, revolucionario, bispo, matemático, médeco, agitador obreiro, arquitecto, coengo, general, escritor, frade, escultor, pintor, se cadra músico, sobre todo cantante, aínda executante. O que já non semella posíbele é ser verdadeiro artista, verdadeiro filósofo, verdadeiro santo. E tamén é un feito que tendo esprito, resulta pol-o menos pouco doado e pouco gustoso ser ministro, enxeñeiro, presidente do Supremo, etcétera, etc.

Non por iso váiase pensar qu'o esprito é o genio. Coecais o genio se non dea sen esprito, pol-o menos o genio verdadeiro, porque por eixemplo o difunto Edison, que todos tiveron por un genio, pra nós era un ser absolu-

tamente carente d'esprito. Pol-o demais, o esprito pódese dar sen genio, porque senón, nós que non eramos genios—non se vaia pensar que nós nos tiñamos por genios descoñecidos—non poderíamos ter esprito.

O esprito non é tampouco o senso estético, embora o verdadeiro, o fino senso estético, cando é excepcional, está comprendido no esprito. Mais iste abrangue moito mais. E' dende logo cousa que ten estreita relación co-a estimativa e lle sirve de guieiro. E' cousa que s'adona dos verdadeiros valores, e aínda d'aquelo que mais alén dos valores, poidéramos chamar o senso derradeiro das cousas.

O esprito non é patrimonio de todol-os homes. Con relación a isto, nós viñamos a clasificar os homes, virtualmente, en tres tipos que veñen corresponder aos tres tipos en qu'os diferenciaban os gnósticos e os priscilianistas: *hylicos*, *psíquicos* e *pneumáticos*.

Os homes vulgares, os homes do común, corresponden aos hylicos ou materiais; os homes de talento, os simplemente cerebrais, corresponden aos psíquicos; os homes d'esprito corresponden aos pneumáticos.

Ora, ben se pode comprender que as diversas épocas históricas caracterízanse, ou millor aínda resultan, da predomianza d'un d'ises tres tipos humanos.

Toda gran cultura xurde d'un estado anterior en qu'os homes vulgares, os hylicos, predomiñan e fan a historia. E xurde a gran cultura pol-o aparecemento senón súpeto, pol-o menos imprevisíbele e debido a causas descoñecidas, d'un fato d'almas egregias, supernormas, d'homes con esprito, qu'abesullan o senso e crían a protoforma d'aquela cultura. Aquela cultura medra e ascende pol-o acrecemento progresivo do esprito, ata que chega un punto en qu'o pulo espiritual, caracterizado pol-a fé, pol-a inventiva, pol-a inventiva, pol-a pantesía, pol-a ledicia, vai esmorecendo pouco e pouco, e o talento, caracterizado pol-a razón raciocinante, pol-a crítica fría, pol-a régula e a medida, vai montando por riba do esprito. Pasenifamente vai medrando a preponderancia social do filisteu, namentral a crítica, rillando os fundamentos de todo, minando o basamento espiritual da cultura e traguendo o primado

da utilidade, a preocupación económica, preocupación filístea por antonomasia, materializando a vida, vai faguendo qu'esta vaia voltando a cair nas maos dos vulgares, dos hylicos, que já non son os vulgares ingenuos do estado primeiro, senón os bárbaros armados das armas da cultura, aos que pertence o trunfo final.

E' o qu'está sucedendo precisamentes nos nros días.

Coma se comprende, no tempo do predomínio do talento, cuia etape derradeira na cultura occidental aínda, mais d'ouvido que de presenza, acordamos nós, os homes d'esprito, se ben tolerados pol-a sociedade, non deixan de seren considerados coma seres mais ou menos anormais, e aínda unha miquiña perigosos. No futuro predomínio dos vulgares, han ser probabelmente perseguidos, ou pol-o menos, faralles a vida imposible.

Os homes d'esprito, no tempo do predomínio do talento, deveñen inadaptados. A historia próbano coa tragedia patente de caxa que todol-os genios d'iste tipo. Mais coñecemos a tragedia d'un Shélley ou d'un Leopardi, e descoñecemos a tragedia muda de todol-os homes d'esprito que non chegaron a seren genios.

Por iso dixemos qu'o problema dos inadaptados era un dos grandes problemas das decadenas.

D'eiqui a pena que dá o trabucamento de tantos mozos d'agora con esprito, que cheos d'optimismo danse a servir os ideás do noso tempo. Cumpria que soupesen distinguir entre os ideás d'unha época, maginados pol-a conciencia dos homes, e as tendenzas verdadeiras qu'incoscientemente os levan ao mellor onde non queren. Nos tempos criadores, ideás e tendenzas solen coincidir; nos tempos de disolución, as mais das veces, ideás e tendenzas non coinciden.

En canto homes d'esprito, nós considerámonos pol-a contra coma unha élite hipercoscente que ventaba a podre do mundo e precuraba manterse distante e arredada, recollendo a vestimenta pra non emporcala no trollo do camiño.

VIII

Podemos agora considerarmos de mais perto o noso caso, o caso dos inadaptados, pra precisarmos mellor a nosa posición histórica. As consideracións de Nicolás Berdiaieff en col do Renacemento e mais do humanismo, fornécenos unha luz nova pra elo.

Non colle dúbida qu'o mesmo nós qu'os nosos mestres da fin do século, en canto individualistas, en canto centrifugas, en canto cobizosos de creación e de creación propia, pertencemos ao humanismo. Non colle dúbida tampouco qu'as nosas ideás, en canto pesimistas, en canto introvertidas, en canto irracionais e neo románticos, son as contrarias qu'as dos humanistas ortodoxos.

Esta contradición espricaríase, adentro da concepción de Berdiaieff — e isto coincide maravillosamente co espoto no parrafo anterior — supondo que nós somol-os derradeiros humanistas, postos nas portas da nova Edade Meia.

A ideologia da fin do século foi, sendo e todo un movemento de reificación e de volta, a derradeira frolecencia do humanismo. Descende do romantismo, que foi, no pensamento, no sentimento, ata na intención, anti-humanista; mais así e todo, o pulo central da fin do século, com'o do romantismo, era humanista. Históricamente continúa tanto coma contradiz ao humanismo. E nós vivimos coma quen dí, c'un pé na fin do século, ou sexa no humanismo derradeiro, e outro na noite da nova Edade Meia. Adentro dos descendentes da fin de século, continuamol-a corrente mística do romantismo (Schleiermaches, Schelling, Schlegel, Novalis) e da mesma fin de século (Wagner, Verlaine, Maeterlinck) corrente que já eisisten no Renacemento.

Mística, no senso d'irracionalista, d'apreciación da y-alma (esprito?) por riba da razón — somol-o humanismo arelando en forza d'humanidade — natureza humán — a renascencia da yalma, coma é o caso de Maeterlinck. A fin do século ventou a y-alma, e por iso foi neorromántica. Pouco importa qu'a y-alma sospeitada non seña se cadra a verdadeira.

E nós somos neorrománticos e tragicos e mesmo apocalípticos por iso mesmo. Leva-

mos a soberbia toda do humanismo conosco, querendo choutar co-ela na noite que ven, noite que é unha renacemento da y-alma, posto qu'a luz das almas ha ser o contrario dos corpos.

Somol-o humanismo que s'arreda soberbio do mundo podrecente, que quer formal-o seu mundo, un mundo interior. E' o senso verdadeiro da recreación do mundo, de Mallarmé.

IX

Tiñamos un mundo, un reino interior, somentes accesíbele aos homes con espírito, mundo onde collían realidade os posibles.

O determinarmol-a verdadeira natureza concreta d'ise mundo é mais difizle ainda qu'o determinarmos en que consiste o espírito.

S'era un mundo d'ensoño, valedreiro pol-o tanto—asegún as ideas correntes dos profesores de filosofía—somentes pra o individuo qu'o leva adentro—ou un mundo d'ideias platónicas, d'especies inteligíbeles escolásticas, de conceptos kantianos, de valores post-kantianos ou d'esencias husserlianas, universalmente valedreiro pra todol-os homes—ou un mundo d'ultra realidades, cecais coincidente co da nosa conciencia post-mortem; ou coa nosa conciencia hipnótica ou sonambúlica, ou coa nosa conciencia mediuimnímica, ou co-a nosa hiperconciencia extática, non sabería decilo arestora. Non direi mais, senón que pode ser calquera d'esas tres cousas, ou as tres a un tempo. E tamén que, de calquera xeito fora, era somentes pra os raros, pra os superiores, pra os escolleitos.

O contaute, a interferenza d'aquel mundo co mundo normal dos homes, verificábase na arte. A obra d'arte, cand'era verdadeira, era unha revelación d'aquel mundo. O qual non quer dicir que nono transparentara tamén a natureza, principalmente no seu estado virge, salvaxe, non tocada ou abandonada pol-os homes.

Podería aducir eiquí coma probanza, unha chea d'esperencias persoás. Mais non está ben falar moito d'iste asunto. Os homes d'espírito, ja comprenden con soilo indicarllo, e aos outros, non val virilles con justificantes.

X

Ora, o problema é coma sendo com'eramos e coma somos, individualistas, inadaptados, antisocias, antigregarios, introvertidos, poidemos vir parar n-unha cousa que semella tan cotián e gregaria, coma é o nacionalismo galego, que na esencia é a afirmanza teimosa e forte da grei galega.

A resposta está dada, moito millor do qu'eu poidera facelo, por Ramón Otero Pedrayo na sua novela *Arredor de si*.

Arredor de si, mais qu'unha novela, é a autobiografía non d'un soilo home, senón d'un agrupamento, case d'unha geración. É a autobiografía do cenáculo do autor ao qu'eu pertencín tamén. Pol-o seu mesmo individualismo, pol-o seu por min confesado egocentrismo, o noso agrupamento andivo tod'o tempo dando voltas arredor de si —e cada un arredor de si mesmo— sen atoparse en-dejamais de todo.

Já dixen coma pelengriñamos pol-as cosmogonías, pol-as metafisecas e pol-as estéticas. Pois ben, com'aquil inglés de Chesterton que despoixas de moitas viages pol-o mundo, atopou unha terra descoñecida que resultou ser a fin de contas a Gran Bretaña, igual nos pasou a nós. Despois de tantas voltas e revoltas, despois de tantas viravoltas e trasvoltas pol-as lonxanías do espazo e do tempo, en procura d'algo inédito que nos salvara do habitual e vulgar, viñemos dar na sorprendente descuberta de que Galiza, a nosa Terra, oculta ao noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filisteia, ofrecíanos un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, com'os qu'andábamol-a á procurar por ahí adiante.

Pra salvármolos do vulgar, pra evadirmos do filisteísmo, pra redimirmos do habitual, non cumpría ollar ao longe; cumpría ollar ben perto, arredor de nós, en nós mesmos, adentro de nós mesmos.

Á beira nosa, constituíndo o meio natural no que cecais non se movera o noso entendemento, mais no que de seguro movíase o noso espírito, ise sinal da man de Deus nas almas escolleitas, estaba, donándolle vida e

seiva, a nosa Terra desfigurada e descoñecida.

Adentro de nós, constituíndo o máis fondo do noso ser, estaba a y-alma de Galiza. E nós tiñamos por forza, canto mais individualistas fóramos, canto mais finiseculares e románticos, canto mais soñadores, que chegaríamos a atopar esta suprema identidade, pois o certo é que nós eramos asina por sermos galegos, e qu'era o sangue dos nosos antergos, dos ártabros fortes, dos feros brigantes, o que nos facía soñadores, románticos, lonjanos, individualistas. O chegarmos a coñecer esta verdade era o resultado necesario da introversión, do solagamento alteiroso e soberbio no noso propio ser: era o resultado preciso do noso barresiano culto do eu.

E a nosa súpeta conversión esprícase ademais, e tamén a nosa radical e fanática adhesión á fé galeguista, porque nós chegamos á y-alma de Galiza ceibes já de todo prejuizo, ceibes de toda consideración e todo respecto á cultura allea que nos mascaraba, nos desfiguraba e nos falsexaba a nosa Terra.

XI

Mais non está dito todo: chegados a iste intre, aínda fica o problema do noso paso da altitude contemplativa á altitude aitiva.

Porque, adequirida a convicción interior, pod'o home d'esprito coller por un d'istes dous camiños:

1.º A persistenza na introversión, no cultivo do eu, no goce do que queda, na escollma do qu'un ha vivir, evasión, reclusión no mundo interior, na torre d'almasí.—Camiño, por eixemplo, de Des Esseintes.

2.º A estroversión na obra social, precurar conformar o mundo á nosa visión, salvar os nosos valores—d'eiquí o nacionalismo.

Os indos budhistas chaman ao primeiro o camiño do *Pratyeka Buddha*, o do que, acadado o Nirvâna, solágase n-il e fica salvado, deixando aos homes no mundo. O segundo é o camiño do *Nirmanakaya*, do que, acadado o Nirvâna, renuncia a il pra amostrollar aos homes o camiño.

O segundo ten a desventaxa da loita, na qu'un pode ser vencido. Mais compre ter en conta que, pra un home d'esprito, conquereda a liberdade interior, ja un está salvo, e qu'embora non realizado, ningún nos pode tiralo do noso soño, propiedade eterna nosa. O soño cecais valla máis qu'a realidade. A realidade é un instante histórico, namentras qu'o soño, sementes con ser soñado, já eisiste pra sempre n'aquél mundo interior de que falábammos é que s'alonga deica o cabo da eternidade.

E já que collín o símbolo do Nirmanakaya, ollemos qu'iste non se perde de todo na obra social, senón que namentras sofre os desenganos e os amargueiros do mundo, hai un puntíño central do seu ser que vive impasíbele na quietude, anque coma ao Buddha Siddhartha, l'estea doendo a barriga por encherse d'arroz con lombelo de porco.

Veleiquí un inicio pra superar o neo-realismo idealisteco, e tamén hai eiquí imprícito o que compre sempre un pouco «vivir sin vivir en mí»—anque de ningún geito debe un fugir do seu ser concreto e actual d'osó e de carne. Precisamentes, com'ouserva perfectamente Keyserling, unha das grandes superioridades do cristianismo sobr'o buddhismo, consiste en ter posto de manifesto a eternidade do ser concreto individual, do eu, d'iste qu'eu son, inmorredoiro.

Co-ista reserva, non había já perigo en descender mais que fora ao mesmo campo da política. Os puros ficaban, aínda n-ela, ceibes da mediocridade.

TRES ESTACIÓNS DE ARTE RUPESTRE DA SERRA DO LEBOREIRO

POR XURXO LOURENZO e LUCIANO FARIÑA

SITUACIÓN: A Serra do Leboeiro, cuxa cume percorren os fitos da fronteira de Portugal, esténdese, de Norde á Sul, pol-a banda occidental do partido xudicial de Bande (Ourense), acadando dende as outuras do *Penagache*, á cuio pé se dilata o val do Arnóia, deica *Os Castelos*, de Entrimo, lombas coroadas por enormes cóns, que caen sóbor das chairas do río *Pacín*, formando un val rematado pol-o vento do Sul nas Serras do *Quínxo* e *Santa Enxemia*.

Na porción galega da Serra do Leboeiro, atínguense craramente dúas partes separadas entre si, nos seus derradeiros desenrols, pol-o río *Montaña*; unha, da cal iste río toma o nome, é a máis occidental, vertendo

as suas augas nos ríos *Cobas* e *Olelus* por unha banda e nos *Pacín* e *Montaña* pol-a outra, sendo á ela á que vai seguindo a devandita fronteira portuguesa.

A segunda, chamada *Cabreira*, queda comprendida entre o mesmo río da *Montaña* i-o *Avedela* pol-o orente, rematando, pol-o vento do Norde, na cima das augas do do río *Cadós*, que afluíe verticalmente ao Limia por baixo de Bande.


A maior parte de ista Serra da Cabreira, que foi a esprorada por nós, áchase compren-

dida dentro do Concello de Lobeira, á excepción da sua derradeira parte Sul que pertence xa ao Concello de Lovios, na sua parroquia de San Mamede de Grou.

A vertente máis importante é a que cai sóbor do *Avedela*, río que a segue dende o seu nacemento, sendo sementes pol-a metade do seu percorrido cando se abre a corga do *Pacín*. Pol-o Norde enlázase, nas outuras da *Fraga*, cos montes de *Taboas*, que serven de eslabón entre a *Cabreira* i-os montes de *Viso*, no outo chamado *das Moitas*. Por baixo sempre do dito punto, i-en sucesións descendentes, seguen os montes de San Xés, furados por numerosas corgas que son outros tantos regatos que se

precipitan no *Avedela*, ata as lombas do San Bieito, en cuio extremo a paisaxe vaise faguendo máis róciosa ata acadar os enormes amontoamentos de penedos que son os *Castelos de Grou*, límite Sul da *Cabreira*. N-unha verba: *Montaña*, *Cabreira* e *Montes do Viso*, forman, coma se pode observar no noso mapa, tres escalóns sucesivos e descendentes deica acadar, na derradeira vertente do *Viso* (vento do Leste), o val do *Limia*.

Toda a Serra está cuberta por cativa vexetación, toxo, uceiras, xestas, manchadas



acó i-aló por amentoamentos graníticos; a outa vexetación, carballos, vidos, piñeiros, queda reducida ás riveiras do Avedela, de onde trepa, pol-as corgas da Serra, até a metade, proisimamente, da sua outura.

Toda ista terra ten sido, ao parecer, teatro de un movemento de civilización bastante intenso, que se vai perpetuando no trascorrir dos séculos, deixándonos coma lembranza unha chea de supervivencias, e que ven á resultar intimamente ligado coas outras culturas que van xurdindo ao longo do Limia deica ó seu desaugue no Atlántico.

acadando deica por frente dos montes de Lobeira, e consta de unha regular cantidade de túmulos, oito de iles escavados, sendo todos dolménicos e téndose atopado algún mobla-xe, como puntas de saeta i-anacos de cerámica riscada e neolítica, antre os cales son notables uns cuia decoración mostra istas industrias intimamente ligadas coas portuguesas da Penha.

A segunda vai dende Bangueses deica á *Vila de Crasto*, xa en terra portuguesa, pol-a cume do Leboeiro, esporándose catro das suas mámoas sen atopar n-elas ren de parti-




LÁMINA I

Xa en distintas ocasións foron visitados os seus restos arqueolóxicos por estudosos do noso Seminario. Un de nós mesmos tivemos ocasión de faguer un breve resume do cadro histórico da rexión de que nos ocupamos (1), mais é especialmente Cuvillas o que lle tén adicado máis atención. Iste arqueólogo tén recoñecido i-estudado dúas necrópoles: unha esténdese pol-o outo do Monte das Motas,

á non ser o seu carácter arquitectónico. (1)

Eisiste, ademáis, unha terceira necrópole na falda Leste do Monte do Viso, no lugar chamado *Veiga de Santa Comba*, que consta somentes de dúas mámoas, sen esporar centíficamente, aínda que xa violadas por algún «buscador de tesouros».

O Seminario de Estudos Galegos ten hoxe

(1).—Xurxo Lorenzo: O foro de Lobeira. Arq. do S. de E. G. T. V.

(1).—Florentino L. Cuvillas: As mámoas do concello de Lobeira. Bibliografía da segunda de istas estacións, no traballo antedio, publicado no Bol. da Acad. Galega. 1923, páxs. 25-39.

en publicación os castros de ista terra, que ven á resultar unha das de máis elevado porcentaxe de acrópoles de Galiza, dentro do reducido dos seus lindeiros.

Todos istes castros, en número de oito, e á escepción de dous de iles, aparecen seguindo as marxens do río Avedela, dende o seu nacimiento deica á súa desembocadura




FIG. 1.ª

no Limia. Cóntanse, de Norte á Sul, o *Coto do Crasto*, na Fraga, moi preto da 1.ª das nosas estacións; o *Coto da Vila*, sobor do cal aséntase a cabeza da parroquia de Lobeira; i-o *Castelo de San Adrao*, en Cabaleiros, por riba da confluencia do Avedela i-o Limia. Todos istes castros quedan na banda esquerda do río, figurando outros dous, a *Coroa*, de San Xés, i-o *Crastelo*, en Grou, na banda da dereita.

Hoxe, có achádego de istas estacións de arte rupestre na rexión, énchese un oco que quedaba pra comprender o cadro xeral da prehistoria de Lobeira, rama lateral da cultura límica que tan intresante papel xoga no esceario dos nosos tempos vellos.

ESTACIÓN 1.ª - *Pena Franqueira*. (L. I).

Atópase situada pol-a metade proisimamente i-á man direita, do camiño que vai dende Parada á Fraga, por riba de unha lomba cuia vertente forma n aquel lugar a banda esquerda do río Avedela.

A pena, de un esquisto pizarroso moi erosionado pol-a súa cara Leste, é das aíquí chamadas *de chapeo*, acadando pol-a tal parte unha outura de uns sesenta metros, á pico, namentras que pol-a outra queda cáseque rente ao chan, estendéndose pol-o coto n-unha dirección LSL-NNW, e contendo as gravuras na súa cara Leste.

Pol-o vento do NW esténdese o monte deica formar, no seu remate, o coto do *Crasto*, ao cal, de seguro, ten de ser referida unha parte do folklore que se localiza na *Pena Franqueira*.

Pol-o resto do coto atópanse espallados grupos de penedos da mesma crás que ista, mais de moito menor tamaño, e dous dos cales conteñen tamén gravuras, que n-iste caso hai que considerar englobadas no resto da estación.

Comenzando na dirección do Norte ao Sul, recoñecemos, dentro do recinto descrito, os seguintes grupos de isculturas:

Grupo 1.º - N-unha pequena peneda situa-




FIG. 2.

da á uns cen metros pol-o Norte do grupo principal. (Fig. 1.ª)

Consiste a composición en cinco cruces, rematadas nos seus brazos por pequenas coibiñas, feitas todas con técnica de fricción.

i-agrupadas, tres no meio, namentras que as dúas restantes quedan aos lados de iste grunpo central.

Están orentadas na súa maioría cara ao nacente, excepto as dúas extremas que se inclinan ao NNL, medindo, por término medio dez centímetros en cada brazo.

Grupo 2.º—É o máis importante grupo da estación, atopándose xa no macizo da Pena Franqueira, da cal forma o extremo Norde, i-ocupando toda a extensión de unha grande laxa de tres metros e medio de outa

queda isolada dentro de il. É notable a forma situada no ángulo inferior dereito da peneda, que consta de dous círculos en vez de un.

Nótase após, unha figura nova na estación que ocupa o centro da parte inferior da laxa e que consiste n-un circuliño central que leva á outros dous, máis cativos, adosados á il, por riba i-á esquerda, tendo iste derradeiro dúas liñas, sensiblemente paralelas, en tanxencia, por riba e por baixo.

Algunhas de istas cruces conservan só,



LÁMINA II

por dous e medio de ancha na súa base. (Figura 2 e láminas I e II).

Consiste n-unha serie de cruces, das cales seguen o tipo visto xa no grupo anterior, á escepción de dúas de elas, das cales a máis outa, situada preto da cúspide da laxa, ten dous brazos verticais, i-a máis baixa, no remate inferior da peneda, ten dous horizontaes. Outras vintecatro cruces atópanse escritas en outros tantos círculos, que unhas vegadas toman forma elíptica i-outas a de coadrados cos vértices redondados; n-elas, unhas vegadas os brazos da cruz rematan no círculo envolvente, n-outas

coma se vé nos dous deseños e lámina, unha parte do seu círculo, atopándose tamén dúas liñas verticais, que serán, sen dúbida, cruceciñas co trazo horizontal esbaído.

A técnica é tamén a do riscado e fricción, do mesmo xeito que en todol-os outros grupos das tres estacións, i-o vento dominante o do nacente.

Grupo 3.º—A continuación do anterior é tamén no macizo da pena. Consta de nove figuras, dúas das cales, as máis superiores, son do tipo xa visto de cruces pechadas en círculos, nos que rematan os extremos do deseño interior. (Fig. 3 e lám. I)

Por baixo inmediatamente da segunda de istas dúas están cinco figuras, catro das cales, que son tres cruces sinxelas i-unha de dous brazos horizontaes levemente blandeados pol-os extremos cara á dereita, arrodean a outra pechada en círculo, que tén catro fochiñas nos extremos dos brazos i-outras dúas isoladas á esquerda de elas.

Á dereita de iste grupo hai unha octava figura, que é unha cruz de tres brazos verti-




FIG. 3

caes, menores os dos extremos que o do centro, rematadas todas por fochiñas e rodeadas da circunferencia vista xa denantes.

Por baixo de ela está o derradeiro dibuxo, tamén cruz con círculo, mais agora presenta coma novidade os catro buratiños que a rodean pol-a súa metade inferior.

A orientación do grupo segue sendo tamén a do Leste.

Grupo 4.º—Consta sómentes de catro dibuxos do tipo xeral de cruces, dúas das cales, as da esquerda, están isoladas, unha cos brazos rematados en fochas, indo as outras dúas pechadas en círculos que serven de remate aos brazos dos deseños; na da dereita, os puntos de contacto de tres dos brazos están sinalados con buratos. (Fig. 4 e lám. I)

A orientación séguese mantendo cara ao Leste; o tamaño, até o de agora, non ten variado sensiblemente.

Grupo 5.º—Situada na parte máis outa do penedo, nun corno que sobresaí do resto, coma se ve craramente na lámina I.

Consta de sete deseños, seis dos coes están agrupados, quedando o derradeiro só, colocado un metro cara á dereita, sendo, o mesmo que catro dos primeiros cruces isoladas e levando os outros dous círculos darrador. (Fig. 5 e lám. I)

N-iste grupo, a orientación faise máis imprecisa, careándose máis ao NL.

Grupo 6.º—No remate Sul da Pena; consta de un agrupamento superior, por baixo do cal, e á distintas outuras, hai dúas cruces sinxelas (Fig. 6 e lám. I)

No grupo máis outo, hai tres figuras colocadas á man esquerda; dúas son cruces con dous brazos horizontaes rodeadas de sendos círculos; antre elas queda outra sinxela co seu correspondente círculo.

Por baixo de éstas atópanse outras dúas, o círculo de unha das coes está xa meio borrado. Á súa dereita, tres cruces sinxelas.

N-esta mesma dirección, e máis por riba, aparecen, primeiro, unha cruz c-un anaquiño de círculo; após unha figura (Fig. 6.º, a), que nós fixemos con liña de puntos porque, tomado un deseño de ela fai xa algún tempo, ao tornar despóis á visitál-a peneda, atopámol-a picada e desaparecido totalmente o seu perfil. Esta figura semellaba unha especie de tridente c-un trazo vertical na parte superior.

Grupo 7.º—Situado xa fora de este agrupamento central, n-unha pequena pedra á centó cincoenta metros de il, pol-o vento do NNW. (Fig. 7).

Ten sómentes unha cruz con círculo e outra isolada seguindo en todo, orientación, tamaño, etc., aos grupos devanditos.

* * *

Indo pol-o vieiro que dende o camiño da Fraga á Parada conduce ao coto do Crasto, obsérvanse restos

de insculpturas n-algunhas penedas situadas ás súas veiras; mais istes restos son tan leves e imprecisos que non nos a revemos á deseñalas. Basta decir

que as súas formas non engaden ren de novo ao que temos visto en Pena Franqueira, á cuia estación, dada a súa proximidade, hai que consideralas engadidas. N-elas vese tan só craramente unha cruz do tipo xa visto, máis que agora presenta unha marcada orientación Norde.

* * *

Pol-o que toca ao folklore que se localiza




FIG. 4

na Pena Franqueira, tivemos coñecimento, primeiramente, de que as sinaes que n-ela se observan, son as de unha «garda», ou seña de un tesouro enterrado preto de alí, n-un lugar que indican as mesmas cruces. Según a xente, traí noticia d-iste tesouro o libro de San Cipriano ou *Ciprianillo*.

Ademáis, na Pena Franqueira viven os mouros, os caes, cando precisan mercar algunha cousa, van por ela á feira de Lobeira; unha vez un veciño da Fraga emparellou c-un d-istes mouros que viña da dita feira conducindo un porquiño recién mercado i-ao

de San Xés, nos-cotos que caen por riba do pobo de Valdemir, pertescentes á mesma parroquia. Ocupa o centro de un penedo que coroa o monte, en cuia ladeira Leste está o pobo devandito, na banda dereita do río Avedela.

A pena é unha laxa de grá corrente, deitada no chan, e de gran tamaño, tendo os gravados no seu extremo superior esquerdo.

Consta de un só grupo, formado por dez cruces sinxelas, espalladas sen orde aparente e cuíos tamaños oscilan antre 10 e 15 centímetros, aínda que algunha chegue á aca-



LÁMINA III

chegar preto da Pena o mouro deulle ao fragués unha bolsa chea de diñeiro e desapareceu, deixando, o porquiño, que fuxiu sen que o outro lle poidera botar man.

(Catalogada con F. L. Cuevillas e Xaquín Lorenzo).

* * *

ESTACIÓN II.—*Pena das sete cruces.* (Lám. III e fig. 8).

Atópase situada esta laxa na parte da Serra da Cabreira, que temos chamado Montes

dar 30, como lle ocorre á figura máis outa do grupo.

Aparecen aquí dúas formas novas, que son as situadas na parte máis ourental da peneda. A primeira consiste n-un círculo, por riba do coal está encravada unha cruz de pequeno tamaño. A segunda n-un rectángulo c-un trazo vertical que o atravesa, prolongándose por riba uns 20 cms.; un trazo horizontal convérteo n-unha cruz; o lado inferior do rectángulo prolóngase cara á esquerda, onde outro trazo vertical fai unha cruz.

A técnica de estes deseños é a de fricción, sendo un pouco máis ruda, ou cecais máis esfarelado o seu contorno, que os dibuxos da Pena Franqueira.

A orientación é cara ao Leste.

Pol-a parte superior esquerda da laxa, ob-




FIG. 5

sérvanse uns signos, feitos por percusión e sin xénero de dúbida moi posteriores ao resto da estación.

Tamén, según a xente, as insculpturas de este penedo son as sinaes de unha garda, que xa se téñ intentado comprobar, á xuzgar pol-as moitas sinaes de caba que se atopan nos seus arredores.

(Catalogada con F. L. Cuevillas e Xaquín Lorenzo).

* * *

ESTACIÓN III.—*Penafiel*.—(Fig. 9).

Atópase situada nas outuras de Sabariz, nos mesmos montes de San Xés, devanditos, e pol-a metade da distancia entre a Fraga e San Xés, de cuio camiño queda a man



FIG. 6

esquerda, unha miaga apartada, por riba do sitio chamado *Porta Mosteirón*, n-unha peneda granítica, afastada cara atrás no chan.

O único grupo da estación queda na cara Sul do penedo e consta de quince signos cru-

ciformes, á semellanza dos das outras dúas estacións, espallados por toda a superficie da peneda, dous están rodeados de círculos e un terceiro, na parte máis baixa do grupo, con dous trazos verticais, un máis longo que outro.

A súa orientación é xeralmente a do leste, variando ás veces por limitación da pedra.




FIG. 7

A técnica do gravado é asimismo de fricción, moi sinxela; están as gravuras bastante estragadas pol-a erosión.

Non poidemos acadar ningún folklore.

(Catalogada con F. L. Cuevillas e Xaquín Lorenzo).

* * *

PARALELOS E OBSERVACIÓNS:

A causa da sinxeleza das formas rupestres que eiquí rexistramos, é cousa relativamente doada situalas dentro de un cadro xeral de tipos.

Podemos agrupalas, tendo en conta a indubtable unidade en todo o grupo de estacións, nos tipos seguintes:

I.—Signos cruciformes en xeral:

a) Signos cruciformes cuíos extremos rematan en covañas. Vemol-as de un xeito escrivivo en Pena Franqueira. Atópase perfectamente paralelizado iste grupo na Pedra do Demo (Maceda) (1), onde é considerada polos seus descubridores coma sinal de unha vella cristiaización. Poidérase considerar tamén coma forma aprosimada a de Axeitos (A Cruña) (2), aínda que lle falla a covaña inferior e as lateraes adoptan aquí formas rectangulares, formando un tipo de cruz potenziada. Cuevillas e Bouza-Brey dána coma forma antropomorfa de gran estilización. En Viladesuso teñen aparecido formas ou tipos idénticos aos nosos (3) e tamén no monte do

(1).—F. L. Cuevillas e Fermín Bouza-Brey: Prehistoria e folklore da Barbanza. «Nós». V. 1928. p. 72.

(2).—F. L. Cuevillas e F. Bouza-Brey: Prehistoria e folklore da Barbanza. «Nós». IV, 1927. fig. 4.^a

Id., id.: Os Oestrimnios, os Sufes e a Ollolatria en Galiza. Arquivos do S. de E. G. II, p. 70.

(3).—P. E. Jalhay: Les gravados rupestres del extremo suroeste de Galicia. - Bol. Com. Mun. Oseense. - VII, 1926, p. 378.

Castro (Oia) (1). Véxase tamén no Monte da Saia (Guimaraes) unha gravura semellante interpretada en Albiella (2) e publicada tamén por Mario Cardozo (3).

b) Síños cruciformes sinxelos nos que se




FIG. 8

comprenden tipos análogos aos do grupo anterior, mais que aquí aparecen sen coñizas terminaes. Os seus paralelos son ben

maes moi esquematizados (1). Na Pedra do Demo (Maceda-Barbanza) téñense atopado figuras cruciformes análogas á estas, aínda que en orde á súa antigüidade teñan sido publicadas non sen certas reservas (2); na mesma estación de Oia e na laxa do Monte do Castro reseña o P. Jalhay (3) unha chena de tipos de completa identidade.

c) Síños cruciformes con dous trazos paralelos. As formas semellantes á estas son pouco abondosas; de tipo análogo, aínda que algo diferentes, atópanse na Pedra do Demo (4) e tamén podemos velos bastante perfectos na pena de Vilasuso (5).

d) Síños cruciformes inscritos en figuras circulares. É iste tipo bastante abondoso i-atópanse formas de un, altamente semellante, no Outeiro dos Campiños (Cequeiril) (6) i en Viladesuso; tamén aparec este tipo na Cruña e en Mondariz.




FIG. 9

abundantes. Os máis caracterizados vémoslos en Viladesuso (Oia Pontevedra), na que se consideran coma formas humanas ou de ani-

e) Formas cruciformes rodeadas de dobre círculo. É iste un tipo verdadeiramente

(1).—P. E. Jalhay: Algunos ejemplares de arte rupestre en los alrededores de Oya. Bol. Com. Mon. Orense. VIII. 1929. pp. 306, 311.

(2).—La migration des symboles. Paris, 1891. pp. 36, 37.

(3).—A última descuberta arqueolóxica na Chana de Brilteiros. Rev. de Guimaraes. XLII. 1932. p. 22.

(4).—P. E. Jalhay. op. cit. pax. cita.

(5).—F. L. Cuvillas e F. Bouza-Brey. Op. cit. p. 71. figs. 32, 33.

(6).—Algunos ejemplares. . . . p. 305, fig. 3.

(7).—F. L. Cuvillas e F. Bouza-Brey. op. cit. p. 73. fig. 33.

(8).—P. E. Jalhay. Op. cit. p. 307 figs. 2 e 3.

(9).—F. L. Cuvillas e F. Bouza-Brey. Op. cit. p. 24, fig. 22.

te escaso. Somentes poidemos atopar un paralelo no Outeiro dos Campiños (1).

f) Sños cruciformes cunha trazo terminal fica encravado n-un círculo ou figura sensiblemente circular; pódense ver moi craros paralelos de estas formas en Viladesuso (Oia) (2) e tamén no penedo do Coto de Corno (3).

g) Sños cruciformes rodeados de un círculo e con coviñas dentro e fora de il. A existencia das coviñas serve especialmente para caracterizar este tipo que por elo se diferencia das do apartado d). Podemos ver

figuras semellantes en Mondariz (1) e temos tamén outras formas que se lle semellan bastante n-un penedos preto de Oia (2).

II.—Sños circulares, agrupados n-un só tipo:

Esta forma está considerada pol-o P. Jalhay coma un vehículo. Atópanse formas análogas n-un penedo situado entre a Guardia e Oia (3).

III.—Sños rectangulares:

Somentes poidemos atopar un paralelo bastante marcado en Sabroso (4).

(1).—F. L. Cuevillas e F. Bouza-Brey.- Op. cit. «Nos», V 1928, p. 26, fig. 23.

(2).—P. E. Jalhay.- Op. cit. p. 388, fig. 2.

(3).—F. L. Cuevillas e K. As insculpturas do Coto do Corno «Nos», VI, p. 6.

(1).—Manuel Martínez Murguía.- Peñas con insculpturas en Mondariz. Bol. de la Academia Gallega. VIII, p. 258.

(2).—P. E. Jalhay.- Op. cit. p. 383, fig. 6.

(3).—P. E. Jalhay.- Op. cit. p. 388, fig. 10.

(4).—R. de Serón Pinto.- Petroglifos de Sabroso e arte rupestre em Portugal, S. E. G.- «Nos», fig. 1.^a

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

NAO SENLLEIRA, por Bouza Brey
Santiago, Nós, 1933.

Mais adiante damol-a recensión d'un artigo de J. Vendryes encol dos bardos de Gales e d'Irlanda. Bouza-Brey ven coincidir, ao cabo dos séculos, coa tradición bárdica: é arqueólogo, historiador, folklorista, poeta. Tamén s'ocupa d'heraldica e genealogía, com'os bardos. No fondo, a tradición dos bardos coincide co-a dos trovadores. Endejamais poderemos pór inteiramente en craro, s'antre nós, o movemento trovadoresco tropezou c'unha tradición bárdica popular.

De todol-os geitos, Bouza-Brey, fondo coñecedor da nosa poesía popular, é un poeta de feitio cortesán, inteiramente cortesán, que s'adonou d'un geito pasmoso do espírito, da métrica, das formas e do acento poético dos nosos canzoneiros medievais. É un caso extraordinario d'asimilación, e é aínda mais raro que sendo un poeta erudito, teña tal frescura, tal novidade e aínda tan refinado primitivismo. É un poeta fidalgo moi novo e moi antigo. Coma non hai hoxe príncipes a quen servir, este poeta fidalgo ofércele á Patria seus versos. A técnica do Bouza Brey non é doada; ten todas as dificultades das formas arcaicas dos trovadores, complica-dos com'os bardos, e mais as da lírica nova, dúas cousas qu'il soupo axuntar ben felizmente. Mais por íse camiño ninguén já o pode seguir: ficou reservado pra il. Bouza-Brey pode influenciar aos demais, e ha infruir de cote en senso favorable de depuración e de ton ergueito; mais non pode facer escola.

Nao senlleira é unha recolleita de vinte poemas, algú de íles publicados en NÓS, en primorosa edición d'exemplares numerados, cecais a mellor que se leva feito en Galiza, c'unha linda encadernación de Vinas e capa de Sesto feita en negro sobre d'ouro.

Ben merecen os versos de Bouza-Brey iste trato non frecuente en Galiza. Poesía que nos lembra a tradición dos nosos millores tempos, tiña que surtir á rua fidalgamente fardada. E así foi. Compre ademais afacer á xente aos belos libros qu'o seña por adentro e por afora. O coidado e o primor nas edicións e na presentación dos libros é un espónte de cultura e civilidade.

CENTEARIO DA «RENAIXENSA» CATALANA.

É curioso óuservar as semellanzas e as diferenzas antr'os comezos da renacencia catalana e os da renacencia nosa. Anqu'o comen-

zo da renacencia catalana se poña no ano 1833, co-a publicación da *Oda a la Patria*, de Bonaventura C. Aribau, o certo é qu'o movemento iniciase de cheo case cando o noso, ou seña pol-o ano de 1840. Aló com' eiquí, foi coñecidamente e confesadamente o romantismo o que fixo erguer a conciencia nacional, co estudo da historia, da literatura medieval, do folklore, etc., por mais que nos comezos d'iste século, algú catalás teñan posto o seu empeño en renegaren do romantismo namentras qu'os mais dos galegos seguimos fideles a il. E por certo que o qu'aló puxo mais forza en contra do romantismo, Eugenio d'Ors, ven resultar a fin de contas un traídor a Cataluña.

Ollado atal coma nol-o apresetan, ademais — por eixemplo, no número que temos diante de *La Nostra Terra* de Mallorca, adicado á conmemoración do centenario (124 páxinas, insertando a *Oda* d'Aribau e outras poesías dos primeiros renacentistas, especialmente mallorquís e un útil Sumario biográfico) semella nos seus comezos a renacencia catalana moito menos arriscada qu'a nosa. Nos tivemos já de 1840 a 1846, a Parado, qu'avantou en doutrina e en política onde mais se poida avanzar aínda hoxe. Mais eiquí non houbo tanto espírito de continuación coma aló.

Lendo o número citado de *La Nostra Terra* é curioso aínda paralelizar figuras de poetas, d'historiadores, de costumbristas d'aló e d'acó. Hai ás veces coincidencias sorprendentes, outras desemeillanzas insalvables. É a marcha paralela de dous espíritos diferentes.

A POESIA CORTESANA NA IRLANDA E GALES.

Da poesía dos antigos bardos celtas ocupa-se en *An Oaled* o prof. J. Vendryes, da Academia d'Inscripción e Belas Letras. Os bardos eran os poetas cortesáns e oficiá de Gales e d'Irlanda. Eran verdadeiros funcionarios públicos, ao servizo dos príncipes e dos grandes, coma poetas domésticos e conservadores das genealogías e das tradicións familiares, agrupados en corporación ordeada, hierárquicamente en grados semellantes aos grados universitarios. Formaban unha casta nobre de dignatarios de corte, cobrando a súa soldada do chefe qu'os tiña o seu servizo. A dinidade pasaba a miúdo de pais a fillos, mais requería unha longa preparación d'estudo e de traballo, pra s'adonar da ciencia bárdica e da difizle arte da versifica-

ción, da métrica, do sutil sistema poético dos celtas, e da tradición heroica. Esta preparación adequiríase en escolas especiais, onde vivían en comunidade, en casales dispostos pra a meditación e o silencio. Despois tiñan que pasar por unha chea d'ensames, exercicios poéticos e probas de carate mágico, semellantes ás das iniciacións orientais. O bardo era poeta, músico, historiador, arquivista e rei d'armas. O bardo real tiña o privilegio d'estar sentado e cuberto diante do Rei, e sentábase á mesa á esquerda do príncipe herdeiro. O Rei regaláballe unha harpa, un xogo de xadrez e un anel d'ouro. Tamén soía ser o mestre dos fillos do Rei. Houbo tamén príncipes e grandes señores que foron bardos.

REVISTAS

A POLÍTICA DO IDIOMA E AS UNIVERSIDADES

É o tído d'unha conferencia do ilustre doutor Rodríguez Lapa, que publica «Seara Nova» no seu núm. 341. Moitas veces nos temos sentido con desexo de preguntar: Que é o que fai Portugal pol-a valoración internacional da súa lingua? Eis un problema qu'intresa igualmente a galegos e portugueses. Un espallamento, erguemento e categorización, mesmo imperialismo da nosa lingua, é cousa que poden facer os portugueses que a teñen coma oficial, que deben contar a prol d'ela con todas as forzas d'un goberno independente, d'unha cultura orgaizada a base d'ela, d'un mundo colonial espallado por África, Asia e América. É cousa que non podemos facer nós, reducidos a termos que defender a nosa lingua adentro da nosa casa.

O Dr. Rodríguez Lapa decatouse da necesidade de facer algo pol-a lingua portuguesa: «...un momento houve em que o instrumento dessa cultura estava tão acreditado e tão primorosamente afinado, que por toda a Hispania excepção feita duma pequena faixa a nordeste, onde hoje é a Catalunha, toda a gente entendia em galego-português... Esta supremacia lingüística decaiu, atropelado pelo nacionalismo castelhano, no século XV;

mas já então este pequeno povo... começava a cogitar outros domínios e aventuras. E para além dos mares levou o que de melhor possuía: a sua língua... Um dia, que não virá talvez longe, o compreenderemos. Numa Espanha federada —para lá caminhamos ao que parece— o grupo galego-português com cerca de nove milhões de falantes poderia ter uma indiscutível supremacia...»

Preconiza o Dr. Rodríguez Lapa varios medios d'investigación (Diccionario do portugués antigo, orgaización dos estudos de fonética, Atlas lingüístico, etc.); de defensa (elevator a cultura do pobo), e d'expansión, que son os que máis nos intresan arestora. Fíxase pra isto no Brasil e na Galiza. Propugna a creación d'un Centro d'estudos portugueses na Universidade de Compostela, con cursos permanentes e pagados por Portugal; a de agregacións de portugués nas Universidades francesas, e máis a de cursos de ferias pra estrangeiros en Sintra.

Nós, que de cote se ten preocupado pol-a colaboración espiritual de portugueses e galegos, non pode por menos de acoller con entusiasmo as iniciativas do Dr. Rodríguez Lapa, mesmo na idea qu'apunta d'un acordo luso-galaico pr'a reforma ortográfica, pra nós tan indispensable.

O DR. POLIVKA

A *Sudetendentsche Zeitschrift für Volkskunde* trainos a nova do falecemento do Prof. Dr. J. Polivka, ocorrido o día 21 de Marzal, aos 75 anos. Era o Dr. Polivka profesor da Universidade nacional checa de Praga, e unha das meirandes autoridades europeas en materia de folklore, principalmente checo e slavo en xeral. Era Presidente da Istitución Nacional de Cantos Populares, en cuio asunto, coma no dos contos traballou moito, e colaborou co Prof. J. Bolte, de Berlín, na súa obra moimental de comentarios aos contos de Grimm, obra d'unha pasmosa erudición, qu'amosta unha coñecencia fonda de toda a literatura universal.


NÓS, Publicacións Galegas e Imprenta,

Rúa do Vilar, 15. Santiago.

O CRONÓMETRO

DE ODILO F. LOSADA

OURENSE - PAZ, 19



OFÉRCEVOS: as millores ventaxas, o millor surtido, os millores precios, en

SEIÇÃO RELOXERÍA:

Reloxes de parede de máquina fina e artística caixa.

Reloxes de pulseira pra todol-os gustos.

Reloxes de bolsillo.

Despertadores.

SEIÇÃO XOIERIA:

Toda sorte d'artículos pra señora e pra home.

Bisuterfa.

SEIÇÃO ÓPTICA: A máis completa.

Maquinas N A U M A N pra coser e bordar :-:
Enseñas galeguistas, moitas, artístecas, baratas



SEIÇÃO PRATERÍA:

Preciosos servizos de mesa, de café, de lunch, ouxetos pra regalo, pol-a metá dos cartos que outra casa calquera.

SEIÇÃO GRAMÓFONOS, RADIOS E DISCOS:

As derradeiras novidades, dend'o máis barato **Gramófono** á máis valiosa **Radio-Gramola**.

SEIÇÃO DE COMPRAS:

Compramos todol-os ouxetos e moedas d'ouro, prata e pratino nos máis outos precios.

O CRONÓMETRO - PAZ 19, OURENSE

Banco de La Coruña

Casa Central: A CRUÑA

Sucursás:

Barco de Valdeorras, Betanzos, Carballo, Cee, Cedeira, Ferrol, A Estrada, Lalín, Lugo, Melide, Mondoñedo, Monforte, Noya, Ordes, Ourense, Ortigueira, Padrón, Pontedeume, Ribadavia, Riveira, Ruí-Petín, Santiago, Sarria, Verín, Vigo, Vilagarcía, Villalba,

Toda sorte d'operaciós de Banca e Bolsa

Contas Correntes

Caixa d'Aforros

Imposicións á prazo fixo

ALMACENES POPULARES

Paz Nóvoa, 2 - duplicado :-: Ourense

Espréndido surtido en toda clás de tecidos de

Seda, Lá e Algodón

Especialidade en PAÑERÍA pra cabaleiro

Xéneros de Punto :-: Camiseiría :-: Confeccións

Precio Fijo



A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.

Honra á Galicia no
mundo enteiro

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOL-OS ESTABRECIEMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo
Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotograbados sexan o mais perfecto posibres, convénlle envialos aos

Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha bibli[Reembolso]ga,
mentras no[Reembolso]as
obras editadas por

NÓS

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
SANTIAGO